Sobre as razóns da Dirección Xeral de Pesca para non presentar, na xuntanza da Mesa sectorial levada a cabo o día 31 de xullo en Madrid, a proposta de parada temporal subvencionada para buques afectados polo Plan de recuperación da pesca sur e cigala formulada polo sector, así como as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión para a apertura dunha liña de axudas para paliar os efectos desa parada

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38006 (10/POC-005995)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración e as previsións do Goberno galego respecto da problemática existente en relación co concerto da Xunta de Galicia coa empresa privada que xestiona o Hospital Povisa de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38016 (10/POC-005996)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego referida á situación da atención primaria e aos problemas derivados da carencia de pediatras para cubrir as prazas vacantes e facer substitucións, as medidas que está a levar a cabo para reverter esta situación e as súas previsións ao respecto, así como as súas intencións en canto á cobertura da praza de pediatra no Centro de Saúde de Mondariz, de xeito permanente e con horario completo, no caso do traslado do seu titular

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38020 (10/POC-005997)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación da pesqueira do polbo, así como a súa opinión en relación cos resultados das últimas campañas e a adopción na actualidade das medidas necesarias para garantir a continuidade da especie e a súa rendibilidade pesqueira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38025 (10/POC-005998)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á impartición de certificados de profesionalidade marítimo-pesqueira na Mariña lucense, a organización dos cursos precisos e a creación dunha es-

cola con ciclos formativos na materia, así como o estudo da posibilidade de ofertar a formación profesional dual desa rama na comarca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38032 (10/POC-005999)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da empresa Duchess e do cargadoiro de mineral de Rande, así como os adxacentes, en almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada «lugar de importancia comunitario» e inserida na Rede Natura 2000, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen na contorna

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38035 (10/POC-006000)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a situación en que se atopa a colaboración da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional coa Cruz Vermella na prestación do servizo de transporte escolar adaptado, a prestación deste servizo no curso 2018-2019 na provincia de Lugo e as actuacións previstas polo Goberno galego para facilitar o acceso do alumnado con trastorno do espectro autista aos centros escolares e de rehabilitación, así como as razóns da modificación das condicións do servizo a un alumno do Centro de Educación Especial Santa María

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38039 (10/POC-006001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa situación que está a padecer, en materia de transporte, un estudante con trastorno do espectro autista e cunha discapacidade recoñecida matriculado no Centro de Educación Especial Santa María de Lugo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38056 (10/POC-006002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre o coñecemento por parte da Consellería do Mar da necesidade de implantar semente produtiva na ría de Ferrol, a súa opinión respecto da situación xerada a consecuencia da acumulación de lodos e as medidas previstas respecto da perda de produtividade marisqueira nela

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38061 (10/POC-006003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa cobertura da atención ás persoas maiores dependentes na Costa da Morte, as súas previsións respecto do mantemento de contactos co Concello de Corcubión para a apertura do centro de día da vila e a asunción da súa xestión, así como, se é o caso, o cronograma estimado para a súa posta en marcha e adxudicación das prazas públicas
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38065 (10/POC-006004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a situación en que se atopa o proxecto de dragaxe do porto de Laxe, a data e conclusións da última xuntanza da mesa técnica e as previsións do Goberno galego respecto da súa execución no ano 2019, así como os datos referidos ás actuacións posteriores que se van levar a cabo e as partidas orzamentarias que se van consignar para o desenvolvemento da alternativa elixida
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 38069 (10/POC-006005)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación dun gandeiro da parroquia de Galegos, do concello de Riotorto, afectado pola execución forzosa, o 10 de xaneiro de 2018, do baleiro sanitario obrigatorio da súa explotación, así como o futuro desta
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38077 (10/POC-006006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego dos avances producidos na mellora da implantación do xadrez como materia na educación secundaria, de acordo coa Orde do 15 de xullo de 2015, as accións formativas desenvolvidas para dotar o colectivo docente dos recursos necesarios para a formación do alumnado, así como os obxectivos previstos nese ámbito para os próximos anos e as actuacións que se van levar a cabo para a súa consecución
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38079 (10/POC-006007)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 8 máis

Sobre as novidades existentes en relación coa campaña de vacinación contra a gripe do ano 2018
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38086 (10/POC-006008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a superficie total afectada polo incendio forestal declarado o 27 de setembro de 2018 na parroquia de Donís, no concello de Cervantes, así como os datos referidos aos medios persoais e mecánicos utilizados para a súa estabilización
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38098 (10/POC-006009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno respecto do cumprimento do compromiso da anterior conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de asumir o trinta e cinco por cento do investimento necesario para a creación da primeira vía verde ferroviaria entre Vilagarcía de Arousa e Portas
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38100 (10/POC-006010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP AP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomiño (enlace PO-350)», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38101 (10/POC-006011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito II: Tomiño-Goián», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38102 (10/POC-006012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito IV: Variante da Guarda», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38103 (10/POC-006013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP PLISAN-Portugal (nova ponte internacional)», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38104 (10/POC-006014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «Área metropolitana de Vigo-Desdobramento do corredor do Morrazo», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38105 (10/POC-006015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «Área metropolitana de Vigo-Ronda de Vigo-Treito Balaídos-Buenos Aires», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38106 (10/POC-006016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «Área metropolitana de Vigo-Viario Universidade-Vincios», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38140 (10/POC-006017)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as denuncias e as queixas referidas ao suposto trato denigrante a persoas recluídas na penitenciaría de Teixeiro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38145 (10/POC-006018)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38149 (10/POC-006019)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e 7 máis

Sobre as competencias e as prioridades da Comisión Galega de Control da Violencia e o papel que poden xogar as federacións e os clubs deportivos no novo escenario de prevención da violencia no eido do deporte

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 38152 (10/POC-006020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns da inexistencia en Galicia dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite os gandeiros e as gandeiras para o desenvolvemento dese tipo de actividades, así como os motivos do Servizo de Explotacións Gandeiras para non ofertar nas convocatorias de 2017 e 2018 todos os módulos obrigatorios no formato de teleformación exixidos na orde de axudas do segundo piar da política agraria común, destinada ás zonas con limitacións naturais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 38155 (10/POC-006021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuacións referidas á área metropolitana de Santiago de Compostela previstas no Plan MOVE 2009-2015 cun investimento de 107.665.000 euros e un horizonte temporal comprendido entre 2017 e 2020, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos prazos establecidos para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento dos investimentos inicialmente previstos para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38158 (10/POC-006022)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual das actuacións referidas á área metropolitana de Vigo previstas no Plan MOVE 2009-2015 cun investimento de 118.024.760 euros e un horizonte temporal comprendido entre 2013 e 2017, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento dos prazos establecidos para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento dos investimentos inicialmente previstos para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38161 (10/POC-006023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdobramento da VAP Nadela-Sarria», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38165 (10/POC-006024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre o estado actual da actuación denominada «VAP Costa Norte-Variante de Ortigueira e treito Celeiro-San Cibrao», prevista no Plan MOVE 2009-2015, a valoración da Xunta de Galicia en relación

co cumprimento do prazo establecido para o seu remate e as súas intencións respecto do mantemento do investimento inicialmente previsto para a súa execución

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38175 (10/POC-006025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 38187 (10/POC-006026)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as razóns das demoras que se veñen detectando durante o ano 2018 na concesión por parte da Xunta de Galicia da Tarxeta Benvida, as medidas que vai adoptar para a súa axilización e as súas intencións respecto do establecemento nas ordes dos vindeiros anos dun prazo menor para ese fin

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 38229 (10/POC-006027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego dos problemas que se presentan ao proxectar instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos ou en solos preto de zonas residenciais, así como as súas intencións respecto da modificación do punto 9.1.3.A (Criterios de localización, Xerais) do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, co fin de evitalos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38231 (10/POC-006028)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o estado de tramitación en que se atopa o documento guía que lles vai permitir ás técnicas e aos técnicos a introdución da perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, así como as razóns da demora e o prazo previsto para a súa publicación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38235 (10/POC-006029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas realizadas polo Goberno galego ao Goberno central en relación coas infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias de Galicia, así como cos portos de interese xeral, e en particular respecto do traspaso das súas competencias, e mais das correspondentes á seguridade viaria

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 38247 (10/POC-006030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación económica e a xestión levada a cabo por Povisa no referido ao concerto asinado co Sergas, as que está a levar a cabo para solucionar a situación xerada a consecuencia da presentación do precurso de acredores e as alternativas que ten o Sergas no caso de renuncia ao concerto por parte da empresa

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37801 (10/POC-005960)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19 de setembro de 2018 referida ao exercicio do dereito á folga das traballadoras da Corporación Radio e Televisión de Galicia o día 8 de marzo de 2018

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 37924 (10/POC-005980)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a porcentaxe de produción propia que hai na programación da Televisión de Galicia e o grao de cumprimento do disposto na Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 37980 (10/POC-005989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia á nova referida aos supostos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral no Concello de Lalín

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 8 de outubro de 2018, pola que se delega a sinatura da solicitude de renovación da autorización de funcionamento do servizo sanitario do Parlamento de Galicia

A vixencia da autorización do servizo sanitario do Parlamento de Galicia, co número de rexistro C-15-000651, remata o 9 de novembro de 2018. De acordo co Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, que

regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, deberá tramitarse a solicitude de renovación, correspondente ao procedemento SA101K.

A obrigatoriedade de que a presentación da solicitude se realizará unicamente por medios electrónicos, a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) aconsella, por motivos de orde técnica e xurídica, facer uso da facultade de delegación de sinatura que prevé o artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de alcanzar a desexable celeridade e eficacia no cumprimento das funcións administrativas.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 12 da Lei 40/2015, resolvo:

1º. Delegar a sinatura da solicitude de renovación da autorización sanitaria de funcionamento do servizo sanitario do Parlamento de Galicia no xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior.

2º. A delegación de sinatura obxecto desta resolución non altera a competencia desta Presidencia, e poderá ser revogada en calquera momento.

3º. De conformidade co artigo 12.3 da Lei 40/2015, nas resolucións a que se refire o apartado primeiro desta resolución farase constar a autoridade de procedencia.

4º. Esta resolución será comunicada ás unidades administrativas do Parlamento implicadas na tramitación da antedita solicitude.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As veciñas da Mariña de Lugo levan anos obrigadas a realizar as revisións xinecolóxicas e a recibir orientación familiar nunhas dependencias realmente terciromundistas:

Instalacións deterioradas con manchas de humidade e filtracións de auga, mobiliario e material (cadeiras, cadeira de brazos de recoñecemento xinecolóxico, padiolas), obsoletos e deteriorados, incluso con óxido, utilización dun pequeno váter cheo de humidade con só un taburete ferruxento como sala para cambiarse as pacientes...

É este lugar, inaceptable e impropio dunha Sanidade de calidade, o que alberga o Centro de Orientación Familiar e un Centro xinecolóxico adscrito ao Hospital da Costa. Son instalacións indignas que significan unha falta de respecto para o persoal sanitario que ten que traballar nelas e para todas as pacientes.

A Consellería de Sanidade non pode tardar máis tempo en rematar con esta situación de indignidade, impropia dun sistema sanitario moderno e indicativa da desidia con que o Goberno do Partido Popular trata aos pacientes do Sergas, e ofrecer unhas instalacións aceptables e dignas para estes servizos sanitarios na Mariña.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1.- Considera o conselleiro de Sanidade que as instalacións que albergan o Centro de Orientación Familiar de Burela, dependente do Hospital da Costa e que atende a todas as mulleres da Mariña son dignas e axeitadas para pacientes e traballadores?

2.- Como explica que o Sergas manteña unhas instalacións neste estado?

3.- Considéraas dignas dun sistema sanitario moderno e de calidade?

4.- Existe algún proxecto de mellora destas instalacións?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/09/2018 16:47:06

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/09/2018 16:47:31

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2018 16:47:39

Noela Blanco Rodríguez na data 28/09/2018 16:47:47

Patricia Otero Rodríguez na data 28/09/2018 16:47:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O concello de Burela (Lugo), con respecto ao estado no que se atopan os edificios do CEIP Virxe do Carme, recibiu un informe o día 17 de agosto de 2018 no que, como resultado dunha inspección visual (o que supón que poidan existir vicios ocultos que quedan exceptuados do informe), conclúe o seguinte:

Con respecto ás fachadas:

1. Mal estado xeral da fachadas, incluíndo fisuras e gretas en distintas partes, especialmente nas zonas onde esta recibida a carpintería.
2. Mal estado xeral da pintura de fachada.
3. Humidades en distintas zonas da fachada.
4. Mal estado de cornixas e avultado perimetral de portas e xanelas.
5. Falta de estanquidade en carpinterías

Respecto ás cubertas e impermeabilizacións:

1. Humidades en aulas de planta alta debidas a posibles filtracións do tellado.
2. A impermeabilización das cubertas planas non está protexida.
3. Dende a pista polideportiva (situada en altura) obsérvanse calvas de lousas na cuberta.
4. Nos corredores centrais do edificio un obsérvase a presenza de eflorescencias, en todo o pavimento.

Respecto ás zonas exteriores:

1. Fisuras en cerramentos de formigón, no que se observan as armaduras á vista.
2. Mal estado dos portalóns, mostrando oxidacións

Respecto ás carpinterías:

1. Falta de selado nas carpinterías, presenza de humidade.

Grupo Parlamentario

2. Deformacións en xanelas de aluminio. Deterioro xeneralizado.

Respecto ás pinturas:

1. Deterioración xeral da pintura exterior e interior do edificio, apreciándose sucidade, humidades e desprendementos nos tratamentos superficiais dalgunhas zonas.
2. As aulas contan con numerosos desconchados procedentes de filtracións de cuberta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto ás humidades:

1. Presenza de humidades en aulas, debidas a posibles filtracións de cuberta e canlóns.
2. Calidade de aire non idónea (ambiente cargado con cheiro a humidade).
3. Chans con presenza de humidade procedentes de condensación.

Respecto á iluminación:

1. Iluminación inadecuada en zona de ximnasio, presenza de luminarias oxidadas en superficie tipo “Regleta” a base de fluorescentes sen ningún tipo de protección.

Respecto ao parque infantil:

1. Non cumpre co Decreto Autonómico 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Non conta coa inspección anual Favorable.
2. O pavimento de lousa non é adecuado para a altura de caída dos xogos existentes.
3. Presenta numerosas atrapamentos cabeza-pescozo
4. Presenta numerosos atrapamentos de dedos.
5. Presenta táboas adoites con presenza de cravos e parafusos á vista.
6. A distribución dos xogos, non cumpre, xa que se invaden espazos de seguridade dos xogos.

Respecto ás condicións de accesibilidade

O centro non ten garantida a accesibilidade de acordo coa disposición adicional terceira, apartado b) do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, “os edificios deben adecuarse ás

Grupo Parlamentario

condicións de accesibilidade que establece o DB- SUA antes do 4 de decembro de 2017, en todo aquilo que sexa susceptible de axustes razoables.”

En resumo, o informe conclúe que

1. Despois dos anos e debido ao intenso uso ao que se viu sometido, a día de hoxe pódese afirmar que o centro educativo non reúne as debidas condicións de habitabilidade e seguridade, para a utilización como centro escolar, sendo necesario acometer unha serie de traballos de limpeza, rehabilitación e reparación do mesmo, que exceden dos labores de mera conservación.
2. Vista a envergadura dos devanditos traballos e os condicionantes técnicos que a normativa vixente esixe, propónse a realización dun proxecto técnico, pola administración competente, que englobe a rehabilitación das instalacións do edificio. Sendo preferente adoptar medidas para garantir a seguridade dos alumnos, no referente ao parque infantil e ás zonas exteriores

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece na súa disposición adicional décimo quinta, relativa a municipios, corporacións ou entidades locais que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Como se deduce de forma obvia de todo o anterior, as obras necesarias no CEIP Virxe do Carme de Burela son de tal envergadura que precisan o concurso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu desenvolvemento.

Á vista do anterior o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Coñece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela?
- 2ª) Considera axeitadas esas instalacións para o normal desenvolvemento das actividades lectivas no centro?



Grupo Parlamentario

3ª) Ten previsto desenvolver as actuacións necesarias a curto prazo para que as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela reúnan as mínimas condicións de adecuación á finalidade da actividade educativa?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2018 11:49:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/10/2018 11:49:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 11:50:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O concello de Burela (Lugo), con respecto ao estado no que se atopan os edificios do CEIP Virxe do Carme, recibiu un informe o día 17 de agosto de 2018 no que, como resultado dunha inspección visual (o que supón que poidan existir vicios ocultos que quedan exceptuados do informe), conclúe o seguinte:

Con respecto ás fachadas:

1. Mal estado xeral da fachadas, incluíndo fisuras e gretas en distintas partes, especialmente nas zonas onde esta recibida a carpintería.
2. Mal estado xeral da pintura de fachada.
3. Humidades en distintas zonas da fachada.
4. Mal estado de cornixas e avultado perimetral de portas e xanelas.
5. Falta de estanquidade en carpinterías

Respecto ás cubertas e impermeabilizacións:

1. Humidades en aulas de planta alta debidas a posibles filtracións do tellado.
2. A impermeabilización das cubertas planas non está protexida.
3. Dende a pista polideportiva (situada en altura) obsérvanse calvas de lousas na cuberta.
4. Nos corredores centrais do edificio un obsérvase a presenza de eflorescencias, en todo o pavimento.

Respecto ás zonas exteriores:

1. Fisuras en cerramentos de formigón, no que se observan as armaduras á vista.
2. Mal estado dos portalóns, mostrando oxidacións

Respecto ás carpinterías:

1. Falta de selado nas carpinterías, presenza de humidade.

Grupo Parlamentario

2. Deformacións en xanelas de aluminio. Deterioro xeneralizado.

Respecto ás pinturas:

1. Deterioración xeral da pintura exterior e interior do edificio, apreciándose sucidade, humidades e desprendementos nos tratamentos superficiais dalgunhas zonas.
2. As aulas contan con numerosos desconchados procedentes de filtracións de cuberta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto ás humidades:

1. Presenza de humidades en aulas, debidas a posibles filtracións de cuberta e canlóns.
2. Calidade de aire non idónea (ambiente cargado con cheiro a humidade).
3. Chans con presenza de humidade procedentes de condensación.

Respecto á iluminación:

1. Iluminación inadecuada en zona de ximnasio, presenza de luminarias oxidadas en superficie tipo “Regleta” a base de fluorescentes sen ningún tipo de protección.

Respecto ao parque infantil:

1. Non cumpre co Decreto Autonómico 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Non conta coa inspección anual Favorable.
2. O pavimento de lousa non é adecuado para a altura de caída dos xogos existentes.
3. Presenta numerosas atrapamentos cabeza-pescozo
4. Presenta numerosos atrapamentos de dedos.
5. Presenta táboas adoites con presenza de cravos e parafusos á vista.
6. A distribución dos xogos, non cumpre, xa que se invaden espazos de seguridade dos xogos.

Respecto ás condicións de accesibilidade

O centro non ten garantida a accesibilidade de acordo coa disposición adicional terceira, apartado b) do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, “os edificios deben adecuarse ás

Grupo Parlamentario

condicións de accesibilidade que establece o DB- SUA antes do 4 de decembro de 2017, en todo aquilo que sexa susceptible de axustes razoables.”

En resumo, o informe conclúe que

1. Despois dos anos e debido ao intenso uso ao que se viu sometido, a día de hoxe pódese afirmar que o centro educativo non reúne as debidas condicións de habitabilidade e seguridade, para a utilización como centro escolar, sendo necesario acometer unha serie de traballos de limpeza, rehabilitación e reparación do mesmo, que exceden dos labores de mera conservación.
2. Vista a envergadura dos devanditos traballos e os condicionantes técnicos que a normativa vixente esixe, propónse a realización dun proxecto técnico, pola administración competente, que englobe a rehabilitación das instalacións do edificio. Sendo preferente adoptar medidas para garantir a seguridade dos alumnos, no referente ao parque infantil e ás zonas exteriores

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece na súa disposición adicional décimo quinta, relativa a municipios, corporacións ou entidades locais que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Como se deduce de forma obvia de todo o anterior, as obras necesarias no CEIP Virxe do Carme de Burela son de tal envergadura que precisan o concurso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu desenvolvemento.

Á vista do anterior o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Coñece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela?
- 2ª) Considera axeitadas esas instalacións para o normal desenvolvemento das actividades lectivas no centro?



Grupo Parlamentario

3ª) Ten previsto desenvolver as actuacións necesarias a curto prazo para que as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela reúnan as mínimas condicións de adecuación á finalidade da actividade educativa?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2018 11:49:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/10/2018 11:49:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 11:50:14

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O concello de Burela (Lugo), con respecto ao estado no que se atopan os edificios do CEIP Virxe do Carme, recibiu un informe o día 17 de agosto de 2018 no que, como resultado dunha inspección visual (o que supón que poidan existir vicios ocultos que quedan exceptuados do informe), conclúe o seguinte:

Con respecto ás fachadas:

1. Mal estado xeral da fachadas, incluíndo fisuras e gretas en distintas partes, especialmente nas zonas onde esta recibida a carpintería.
2. Mal estado xeral da pintura de fachada.
3. Humidades en distintas zonas da fachada.
4. Mal estado de cornixas e avultado perimetral de portas e xanelas.
5. Falta de estanquidade en carpinterías

Respecto ás cubertas e impermeabilizacións:

1. Humidades en aulas de planta alta debidas a posibles filtracións do tellado.
2. A impermeabilización das cubertas planas non está protexida.
3. Dende a pista polideportiva (situada en altura) obsérvanse calvas de lousas na cuberta.
4. Nos corredores centrais do edificio un obsérvase a presenza de eflorescencias, en todo o pavimento.

Respecto ás zonas exteriores:

1. Fisuras en cerramentos de formigón, no que se observan as armaduras á vista.
2. Mal estado dos portalóns, mostrando oxidacións

Respecto ás carpinterías:

1. Falta de selado nas carpinterías, presenza de humidade.

Grupo Parlamentario

2. Deformacións en xanelas de aluminio. Deterioro xeneralizado.

Respecto ás pinturas:

1. Deterioración xeral da pintura exterior e interior do edificio, apreciándose sucidade, humidades e desprendementos nos tratamentos superficiais dalgunhas zonas.
2. As aulas contan con numerosos desconchados procedentes de filtracións de cuberta.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Respecto ás humidades:

1. Presenza de humidades en aulas, debidas a posibles filtracións de cuberta e canlóns.
2. Calidade de aire non idónea (ambiente cargado con cheiro a humidade).
3. Chans con presenza de humidade procedentes de condensación.

Respecto á iluminación:

1. Iluminación inadecuada en zona de ximnasio, presenza de luminarias oxidadas en superficie tipo “Regleta” a base de fluorescentes sen ningún tipo de protección.

Respecto ao parque infantil:

1. Non cumpre co Decreto Autonómico 245/2003 polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís. Non conta coa inspección anual Favorable.
2. O pavimento de lousa non é adecuado para a altura de caída dos xogos existentes.
3. Presenta numerosas atrapamentos cabeza-pescozo
4. Presenta numerosos atrapamentos de dedos.
5. Presenta táboas adoites con presenza de cravos e parafusos á vista.
6. A distribución dos xogos, non cumpre, xa que se invaden espazos de seguridade dos xogos.

Respecto ás condicións de accesibilidade

O centro non ten garantida a accesibilidade de acordo coa disposición adicional terceira, apartado b) do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, “os edificios deben adecuarse ás

Grupo Parlamentario

condicións de accesibilidade que establece o DB- SUA antes do 4 de decembro de 2017, en todo aquilo que sexa susceptible de axustes razoables.”

En resumo, o informe conclúe que

1. Despois dos anos e debido ao intenso uso ao que se viu sometido, a día de hoxe pódese afirmar que o centro educativo non reúne as debidas condicións de habitabilidade e seguridade, para a utilización como centro escolar, sendo necesario acometer unha serie de traballos de limpeza, rehabilitación e reparación do mesmo, que exceden dos labores de mera conservación.
2. Vista a envergadura dos devanditos traballos e os condicionantes técnicos que a normativa vixente esixe, propónse a realización dun proxecto técnico, pola administración competente, que englobe a rehabilitación das instalacións do edificio. Sendo preferente adoptar medidas para garantir a seguridade dos alumnos, no referente ao parque infantil e ás zonas exteriores

Por outro lado, a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación establece na súa disposición adicional décimo quinta, relativa a municipios, corporacións ou entidades locais que a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo.

Como se deduce de forma obvia de todo o anterior, as obras necesarias no CEIP Virxe do Carme de Burela son de tal envergadura que precisan o concurso da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o seu desenvolvemento.

Á vista do anterior o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Coñece a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o estado no que se atopan as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela?
- 2ª) Considera axeitadas esas instalacións para o normal desenvolvemento das actividades lectivas no centro?



Grupo Parlamentario

3ª) Ten previsto desenvolver as actuacións necesarias a curto prazo para que as instalacións do CEIP Virxe do Carme de Burela reúnan as mínimas condicións de adecuación á finalidade da actividade educativa?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 01/10/2018 11:49:45

Maria de la Concepción Burgo López na data 01/10/2018 11:49:59

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2018 12:38:23

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Nos recentes días foi coñecida a situación alertada polo centro hospitalario privado Povisa, co que a Xunta de Galicia mantén un convenio que delega no centro a atención sanitaria de case 140.000 pacientes do sistema sanitario, a cambio de aproximadamente 75 millóns de euros ao ano. A empresa denuncia a situación que, ao seu xuízo, se provoca a partir do último convenio asinado en 2014, e que segundo a interpretación da empresa resulta lesivo para os intereses do centro e non compensatorio en termos económicos.

Dende a empresa sanitaria reclámanse agora máis de 40 millóns de euros ao Sergas, baixo ameaza de deixar de atender aos pacientes que teñen a Povisa como centro de referencia. A actividade concertada con este centro resulta fundamental para o propio sistema, que non ten método para reasignar a este volume de cidadáns na propia rede hospitalaria pública.

Foi coñecido tamén que o propio Goberno galego coñecía a situación que Povisa reclamaba, aínda que a situación terminou por chegar ao punto actual sen que pareza que se conseguirá ningún avance por parte do Goberno autonómico.

O actual escenario é tamén de extrema incerteza para os máis de 1 400 traballadores e traballadoras da entidade, que ven perigar a súa situación laboral dado que, se o concerto co Sergas terminará por ser rescindido, o volume de traballo do centro veríase tremendamente afectado.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que accións e decisións está a valorar a Xunta de Galicia para resolver a situación de incerteza formulada pola empresa privada Povisa?
2. Ten a Xunta de Galicia unha planificación alternativa no caso de que Povisa renunciase á atención sanitaria dos e das pacientes que ten asignados?

3. Existe no convenio actualmente en vigor con Povisa a posibilidade de que o centro renuncie a ofrecer a atención sanitaria pola que está a ser remunerada segundo o convenio?
4. Considera a Xunta de Galicia que o convenio asinado en 2014 con Povisa resulta lesivo ou inxusto para algunha das partes?
5. Cando foi informado o Goberno galego das intencións de Povisa que foron feitas públicas nos recentes días? Que accións e decisións se tomaron e levaron a cabo ao respecto?
6. Que valoración fai a Xunta de Galicia da calidade da atención sanitaria recibida polos pacientes do sistema sanitario de Galicia que teñen en Povisa o seu centro de referencia?
7. Cal é o volume exacto de pacientes que o centro Povisa ten asignados actualmente por parte do Sistema público de saúde de Galicia?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2018 11:50:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/10/2018 11:50:47

Noela Blanco Rodríguez na data 01/10/2018 11:50:53

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Na sesión do Pleno do día 25 de abril de 2017 aprobouse por unanimidade a Proposición non de lei núm. 5673 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na que o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

Vistas as respostas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dadas con data 5 de febreiro deste ano sobre o cumprimento deste acordo parlamentario, os deputados e as deputadas que asinan preguntan novamente:

Cando ten previsto o Goberno galego aprobar o novo plan antifraude na contratación pública autonómica?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/10/2018 13:03:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 13:04:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/10/2018 13:04:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/10/2018 13:04:17

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Na sesión do Pleno do día 25 de abril de 2017 aprobouse por unanimidade a Proposición non de lei núm. 5673 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na que o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

Vistas as respostas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza dadas con data 5 de febreiro deste ano sobre o cumprimento deste acordo parlamentario, os deputados e as deputadas que asinan preguntan novamente:

Cando ten previsto o Goberno galego aprobar o novo plan antifraude na contratación pública autonómica?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/10/2018 13:04:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 13:05:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/10/2018 13:05:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/10/2018 13:05:16

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Días Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No mes xullo de 2017, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha serie de iniciativas e preguntas ao Goberno galego referidas á necesidade de establecer, en colaboración coa Fegamp, un plan de dotación de servizos de socorrismo acuático que garanta cada tempada aos concellos que o precisen a necesaria dotación de efectivos. Estas iniciativas foron consecuencia dos problemas que estaban a sufrir moitos concellos costeiros para contar a tempo cos efectivos de socorrismo suficientes en cada areal. Estas deficiencias esixían, e esixen, a revisión do Plan Sapruga que data do ano 2001.

Durante a tempada de verán deste ano 2018 que vén de rematar, os concellos costeiros sufriron de novo serios problemas para incorporar os efectivos de socorrismo acuático necesarios. Non parece que o Goberno galego tomase medidas para evitar esta grave situación.

Os servizos de socorrismo e salvamento acuático, como indicamos en 2017, ademais de ser un elemento clave na distinción turística dos areais, constitúen sobre todo un elemento integrador dos sistemas xerais de protección civil e seguridade das persoas. Por iso, e con independencia de cal poida ser o mellor modelo de acreditación da calidade turística e de servizos das nosas praias, consideramos urxente dotar aos concellos galegos de criterios claros e homologados e de recursos suficiente para dispor en cada campaña dos efectivos necesarios de socorrismo acuático, mesmo establecéndose un marco común de condicións laborais e selección de persoal.

Necesariamente este novo marco de actuación autonómica en materia de socorrismo acuático debe estudarse e acordarse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), e plasmarse previsiblemente nunha xa necesaria revisión e profunda actualización do Plan Sapruga.

Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o número total de persoal de socorrismo acuático solicitado polos concellos galegos para a tempada de verán 2018 na convocatoria de subvencións anual, e cal foi o número de efectivos finalmente subvencionado?

2ª) Están permitindo as subvencións concedidas contratar as diferentes categorías de persoal de salvamento solicitadas e previstas no Plan Sapraga?

3ª) Cales son os criterios de adxudicación destas axudas para calcular as necesidades de socorristas acuáticos para cada concello?

4ª) Ten previsto a Xunta de Galicia a necesaria revisión e actualización do Plan Sapraga de 2001?

5ª) Ten previsto a Xunta de Galicia acometer un novo plan autonómico de socorrismo acuático que permita aos concellos que o precisan contar con recursos e efectivos suficientes con base en criterios homologados?

6ª) Ten previsto a Xunta de Galicia establecer a posibilidade de realizar unha convocatoria autonómica de selección de socorristas para cada tempada e para aqueles concellos que así o soliciten?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/10/2018 13:05:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/10/2018 13:05:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/10/2018 13:06:02

María Dolores Toja Suárez na data 01/10/2018 13:06:06

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En resposta á pregunta con número de rexistro 26.557, sobre a demora existente na execución do Plan de sinalización de bateas comprometido, así como os prazos estimados para este fin; na súa resposta o Goberno galego, xustifica estas tardanzas por varios motivos como pode ser a entrada en vigor da nova Lei de contratos e o cambio de Goberno do Estado, non obstante, non da ningunha resposta en canto aos prazos que baralla. Non podemos perder de vista que este plan foi anunciado por Portos de Galicia a finais do ano 2015, un plan que reforzaría a seguridade marítima, no ano 2016 coa colocación de balizas, a cargo da Consellería do Mar e en atención a Lei de Portos do Estado e da Marina Mercante. Un plan que implicaría mellorar a sinalización luminosa dos accesos aos portos galegos. Este plan executaríase ao longo dos dous anos seguintes. A día de hoxe aínda non é unha realidade.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido polo Goberno galego xa no ano 2015, e que aínda non é unha realidade a piques de rematar o ano 2018?

2ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan de sinalización de bateas, ante os continuos retrasos, tendo en conta que se trata dun tema de seguridade marítima, e que xa se produciron graves accidentes?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 01/10/2018 13:35:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2018 13:37
Nº Rexistro: 37842
Data envío: 01/10/2018 13:37:23.570

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2018 13:35:17

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En relación coa resposta do Goberno galego á pregunta co número de rexistro 32707, na que se indica entre outras cuestións o seguinte:

“... a especie co nivel máis alto poderá empregarse como indicadora e se os niveis de toxina da especie indicadora están por enriba dos límites regulamentarios, só se permitirá a recolección das demais especies se unha análise das mesmas demostra que os seus niveis de toxina están por debaixo deses límites.”

É importante lembrar que esta cuestión xurde como consecuencia das reiteradas denuncias que se veñen facendo desde Fisterra, xa que non é a primeira vez que teñen que tirar o longueirón, porque os peches decréitanse cando o marisco xa está en terra, despois de que os traballadores pasaran tres horas no fondo do mar traballando, incluso cando xa se realizara a venda. Ademais o motivo polo cal se produce o peche do longueirón non é debido á existencia de toxina nel, xa que nin tan sequera había unha mostra. Foi debido á existencia dun positivo de toxina no berberecho. Desde a confraría trataron de achegar mostras de longueirón ao laboratorio, para que se puidese comprobar o seu estado adecuado, pero, non obstante, non foron aceptadas. Polo que debe quedar claro que os mariscadores non se negan a entregar mostras, senón todo o contrario.

Á finais de maio ocorrería algo similar en Camariñas, chegou a orde de peche da zona de traballo cando xa pecharan ás 20.00 horas, co marisco vendido e tiveron que tiralo ao mar.

Polo tanto, e xa que a resposta do Goberno indica que se se realizase unha análise do longueirón que demostrase que os seus niveis de toxina están por debaixo dos límites, é conveniente destacar a importancia que tería nesta situación facer unha análise sobre a mostra do longueirón a maiores, para determinar se realmente existe ou non a necesidade de facer os peches.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a posibilidade de levar a cabo, a maiores, unha análise da existencia de toxina sobre o longueirón?

2ª) Considera que esta análise melloraría a situación dos mariscadores de Fisterra que sofren perdas económicas como consecuencia dos peches precautorios realizados?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algunha medida como consecuencia das protestas dos mariscadores que están sufrindo os graves inconvenientes derivados dos ineficaz sistema de peches precautorios, en caso positivo, cando?

4ª) Vai o Goberno galego compensar ás persoas afectadas pola ineficacia do sistema de peches?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 01/10/2018 13:53:35

Patricia Otero Rodríguez na data 01/10/2018 13:53:46

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Igape vén de desenvolver un proceso de contratación pública dun “Servizo de captación de investimentos foráneos para Galicia”, cun valor estimado da contratación de 307.340 euros.

Unha das razóns que se esgrimen para desenvolver este proceso de contratación e que “O non dispor o Igape de medios propios suficientes, resulta necesaria esta contratación”. Tendo en conta que non se ten reducido o cadro de persoal do Igape, e que os niveis de execución orzamentaria se sitúan ano tras ano nuns niveis moi reducidos, parécenos pertinente saber que é o que ten mudado na estratexia de internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten avaliado nos últimos anos o Igape os resultados obtidos polos seus programas de internacionalización?
2. De ser así, cal ten sido o resultado de esa avaliación?
3. Ten feito o Igape unha avaliación dos resultados dos convenios e programas de internacionalización que se asinaron no seu día coa Confederación de Empresarios de Galicia?
4. Produciuse algunha redución nos postos de traballo dedicados no Igape aos procesos de internacionalización, tanto no fomento das exportacións, como na captación de inversión estranxeira?
5. Detectouse algún problema de funcionamento e operatividade nestes programas?

6. Se non foi así, cal é a razón pola que se contrata un “Servizo de captación de investimentos foráneos para Galicia” externo, cun importe estimado superior aos 300.000 euros?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/10/2018 14:00:26

Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/10/2018 14:00:34

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**.

Os trastornos de espectro autista (TEA) son un conxunto de trastornos que afectan ao desenvolvemento do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, con especial incidencia nos aspectos que teñen que ver co procesamento da información que provén de estímulos sociais. Trátase dun amplo espectro de trastornos con gran diversidade de síntomas, graos de afectación e necesidades específicas de cada persoa que os presenta.

Os TEA adóitanse identificar nos primeiros anos de vida e este diagnóstico precoz, que é algo complexo, é moi importante para o traballo no desenvolvemento dos nenos e nenas, pois é fundamental o inicio dunha axeitada intervención temperá.

A dispoñibilidade de servizos en todo o territorio galego é fundamental para garantir o dereito de todas as persoas con TEA a ter unha atención específica que lles permita maximizar as súas posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, o que será fundamental na súa inclusión social.

Nos últimos anos, posiblemente polo aumento do diagnóstico, hai un incremento da prevalenza dos TEA entre a poboación. Segundo a Federación Autismo Galicia, en 2017 hai 1434 nenos e nenas de 0 a 9 anos susceptibles de presentar TEA.



A cidadanía da provincia de Lugo ten menos recursos para a atención das persoas con TEA que o resto do País onde, en xeral, tamén hai un gran déficit de recursos.

Lugo non conta con ningún centro de atención a persoas adultas con TEA, habendo un proxecto de centro de atención para persoas con TEA que aínda non se materializou.

En relación á Atención Temperá, coma no resto de Galiza, o seu desenvolvemento é moi deficitario, só coa UAT comarcal da Mariña e coa Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do HULA, que só ten unha praza de logopeda, o que xera lista de agarda.

En xeral, faltan recursos públicos para a atención ás persoas con TEA e a Xunta descarga estas necesidades nas Asociacións, que fan unha labor fundamental nunha área tan relevante como formación do profesorado.

Para as persoas con TEA é fundamental contar con recursos de proximidade, que lles permitan manter as súas rutinas. Cando as persoas con TEA rematan a etapa educativa é esencial dispor de recursos na zona, para evitar cambios bruscos nas rutinas e na vida.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1. É consciente a Xunta da necesidade de que a provincia de Lugo conte cun centro de referencia para as persoas adultas diagnosticadas con TEA?



2. Coñece a Xunta as dificultades laborais ás que se enfrontan as persoas con TEA?
3. É consciente a Xunta da importancia de desenvolver de xeito pleno a Rede Galega de Atención Temperá?
4. Vai a Xunta reforzar a Unidade de Estimulación Temperá do HULA? Parécelle suficiente que esta só conte cunha praza de logopedia e cunha de Traballo Social compartida con outros servizos?
5. É consciente a Xunta da tardanza nos diagnósticos por parte do Equipo de Orientación Educativa da Provincia de Lugo e a necesidade de reforzo deste?
6. Coñece a Xunta a situación de nenos e nenas que teñen que recorrer a entidades de solidariedade para sufragar o seu transporte a terapias?
7. Vai a Xunta aumentar a formación para todos os e as profesionais que estean relacionadas co diagnóstico precoz do TEA (pediatría, medicina familiar, escolas infantís, profesorado de primaria)?
8. Que medidas de sensibilización sobre o TEA e información das terapias dispoñibles vai promover a Xunta?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 01/10/2018 16:42:43

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Os hoteis galegos perderon viaxeiros en xullo e agosto, acollendo a case 1.558.000 viaxeiros que son case 203.000 menos que o verán pasado o que supón un descenso de viaxeiros dun 11,5 % con respecto aos meses de xuño, xullo e agosto do ano pasado. Esta situación converte Galicia na autonomía onde os hoteis perden máis hóspedes do Estado.

En Galicia, rexistráronse menos viaxeiros, e polo tanto, menos pernoitas. Un descenso de un 8 %: 307.876 noites menos, rebaixando a cifra final a 3,4 millóns entre xuño, xullo e agosto.

Ben é certo que, este descenso de pernoitas foi compensado co aumento da estancia media nos hoteis, pasando en agosto de 2,27 días a 2,36 días. Sendo os hoteis das Rías Baixas os que rexistran un mellor dato: 2,90 días.

En canto ao número de viaxeiros por zonas, os hoteis das Rías Baixas rexistraron en xullo e agosto 445.728 viaxeiros, a segunda praza é para as Rías Altas, con 179.165 viaxeiros. A Costa da Morte contabilizou 48.782 turistas e a Mariña lucense 46.231. Santiago de Compostela, como punto turístico, atraeu a 101.798 turistas que pasaron a noite en hoteis, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

Comparando o turismo en Galicia con outras comunidades autónomas cunha oferta similar como son, as que forman parte da coñecida como España verde (Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia), vemos que, o pasado mes, segundo os datos difundidos polo INE, a autonomía galega rexistrou a ocupación máis baixa no referido ás prazas hoteleiras: un 64,9 % das prazas, fronte ao 80 % de Cantabria, o 79 % do País Vasco e o 74,5 % de Asturias.

Ademais, se comparamos os datos co resto de España, Galicia tampouco sae ben parada xa que, mentres en España subiu o número total de viaxeiros nos meses do verán, en Galicia pasou o contrario. Atopámonos ante un descenso dun 11,5 % en Galicia en comparación co ano pasado.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados das pernoitas durante os meses de xuño, xullo e agosto no ano 2018?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre que Galicia rexistrase unha ocupación máis baixa que Cantabria, Asturias e o País Vasco?

3ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia con respecto ao descenso en número de viaxeiros cando no conxunto de España aumentou nos meses do verán?

4ª) Que cabe esperar para os próximos meses en relación co turismo en Galicia?

5ª) Que cree a Xunta de Galicia que pasou para que houbera tal descenso de turismo en Galicia?

6ª) Que autocrítica fai a Xunta de Galicia en relación a esta última campaña turística do verán?

7ª) Que actuacións e campañas específicas vai desenvolver a Xunta de Galicia no que queda de ano para tratar de reverter dita situación?

8ª) Considera a Xunta de Galicia que houbo unha suficiente diversificación e distribución do turismo por todo o territorio de Galicia durante os meses do verán?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 10:44
Nº Rexistro: 37876
Data envío: 02/10/2018 10:44:32.693

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/10/2018 10:41:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/10/2018 10:42:02



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:11
Nº Rexistro: 37891
Data envío: 02/10/2018 11:11:29.543

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, entre o 26 de Setembro e 1 de Outubro, no que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Mércores 26 de Setembro:

- Oviedo-Ferrol das 7:30, avariado en Burela.
- Ferrol-Ribadeo das 10:45, suprimido en Ortigueira
- Ribadeo-Ferrol das 15, suprimido.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:11
Nº Rexistro: 37891
Data envío: 02/10/2018 11:11:29.543

Xoves 27:

- Ferrol-Xuvia das 19:45, suprimido
- Xuvia -Ferrol das 20:15, suprimido
- Ferrol-Oviedo das 15:30, retrasado 30´

luns 1 Outubro:

- Ferrol-Oviedo das 8:20, avaria en Sedes.

Todas as incidencias por falta ou mal estado do material.

Case todos os servizos rexionais Ferrol-Oviedo e viceversa desde o 24 de setembro até hoxe, están sendo efectuados por estrada entre Ribadeo e Cudillero por falta de material.

Resenar que, Renfe licitou o ano pasado a reforma de 8 unidades 2400 (prestan servizo por toda a cornixa cantábrica, hai 4 unidades destinadas a Galiza, normalmente realizan servizos rexionais) das que só 1 está en circulación reparada. Teñen agora mesmo 3 unidades en talleres, o que provoca continuadas supresións; dado que, en lugar de facer as reformas progresiva e ordenadamente,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:11
Nº Rexistro: 37891
Data envío: 02/10/2018 11:11:29.543

faise sen ningún tipo de organización, provocando supresións por falta de material.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar), etc... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?

-Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo entre o 26 de Setembro e 1 de Outubro deste ano?

-Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:11
Nº Rexistro: 37891
Data envío: 02/10/2018 11:11:29.543

-Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2018 11:10:55

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2018 11:11:00

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2018 11:11:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:11
Nº Rexistro: 37891
Data envío: 02/10/2018 11:11:29.543

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2018 11:11:02

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2018 11:11:04

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2018 11:11:05

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A pregunta desta deputada, rexistrada co número 31.606, estaba motivada a raíz da sentenza da Sala do Contencioso da Audiencia Nacional do pasado día 8 de marzo de 2018, en recurso número 310/2015, que confirmou a correspondente resolución do Tribunal Económico Administrativo Central do 5 de febreiro de 2015 sobre os acordos da Administración tributaria de liquidación e sanción polo Imposto de Sociedades, por importes de 6.059.636,41 euros e de 3.220.763,25 euros, á compañía BABCOCK MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. (antes AVINCIS MISSION CRITICAL SERVICES HOLDINGS, S.L. e antes INAER AVIATION GROUP, S.L.), por celebración de negocios xurídicos simulados (“préstamos participativos” dentro do grupo empresarial).

A pregunta formulada era para coñecer se, ou ben o Goberno galego ou os órganos de contratación atoparan algunha causa de prohibición para contratar a prestación de servizos con esta empresa.

A resposta do Goberno establece, entre outras cuestións:

“En resposta a que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego, convén insistir en que a empresa coa que a Xunta ten asinado o contrato de operación e mantemento dos helicópteros de salvamento marítimo non é Babcock Mission Critical Services Holding, S.L.senón Babcock Mission CrItical Services España S.A.U.”

En relación a esa resposta, cómpre preguntar se o Goberno galego é coñecedor, de que o domicilio social das dúas empresas é o mesmo, no Aeródromo Mutxamel, ou de que manteñen a mesma estrutura, o persoal, a base de operacións, hangares e sede social, polo tanto, cando afirman se revisaron en que se trata dúas empresas distintas en que se basean para afirmar que se trata de empresas distintas.

En canto a cando, indican na súa resposta que *Babcock Mission Critical Services España SAU*, atopábase ao corrente das súas obrigas fiscais, cómpre preguntar se o Goberno galego non se interesou pola situación das causas abertas. Non podemos esquecer que estamos a falar de case 10 millóns de euros de sanción por defraudar a Facenda.

Dado que a resposta do Goberno galego non resulta aclaratoria, e tendo en conta a dureza da sentenza, xustifica o rexistro de lexítimas iniciativas, porque necesitamos xa unha explicación veraz e clara por parte do Goberno, por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que intereses defendeu o Goberno galego nas xestións coa empresa BABCOCK?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da sentenza da Audiencia Nacional que acaba de desestimar o recurso presentado por BABCOCK, e a condena ao pago de 9 millóns de euros?

3ª) Coñece o Goberno galego a íntima relación entre as dúas empresas en cuestións?

4ª) Interesouse o Goberno galego sobre a situación das causas abertas dunha empresa que xestiona servizos públicos como incendios, salvamento marítimo e emerxencias sanitarias?

Pazo do Parlamento, 2de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 11:41
Nº Rexistro: 37892
Data envío: 02/10/2018 11:41:13.974

María Dolores Toja Suárez na data 02/10/2018 11:37:48

Patricia Otero Rodríguez na data 02/10/2018 11:38:00

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 16 de marzo de 2016 iniciábase o expediente para a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra, a segunda fusión de concellos en Galicia.

No informe que firmaba o alcalde de Cotobade naquel entón dicíase que as previsións demográficas de ambos concellos empezaban a ser preocupantes e supoñían un importante problema para manter o nivel de servizos e prestacións e que a fusión sería estratéxica para asegurar a supervivencia e sustentabilidade a medio e longo prazo destas poboacións. De feito, no ano 2015 os datos eran alarmantes para os dous concellos. Pero chegou a fusión e, a comezos de 2018, o INE indicaba que o número de veciños do concello xa fusionado se incrementara en 36 persoas a data 1 de xaneiro de 2017, polo tanto, a fusión fora todo un éxito.

Mais resulta que había trampa. Xa dende este grupo parlamentario advertiamos no seu momento que esta fusión voluntaria se fixera de xeito improvisado, respondendo ás necesidades políticas concretas e temporais dos seus promotores, e agora semella ser así aínda máis: segundo fontes do INE, tan pronto como se revisou o padrón comezaron as incorreccións, é dicir, a desaparición de case 200 persoas do padrón de Cerdedo. ou tiñan mal o DNI ou figuraban en domicilios que non o eran en realidade. O novo concello tentou localizalos pero foi imposible, desapareceran.

En data 19 de setembro, comparecía a directora xeral de Administración Local para responder a preguntas deste grupo parlamentario, mais as súas respostas foron vaguidades teóricas sobre fusións e se escudar en falla de competencia da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten demandado o Goberno galego explicacións sobre estas “desaparicións” ao alcalde de Cerdedo-Cotobade?
2. Se a resposta anterior fose positiva, que lle contestaron dende o concello?
3. Ten demandado o Goberno algunha información ou investigación ao INE sobre estas “desaparicións”? Pensa facelo?
4. Pensa o Goberno que o feito de que Cerdedo-Cotobade estea na actualidade en 5815 habitantes pode ser motivo de revisión do expediente de fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, na provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2018 12:25:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2018 12:25:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/10/2018 12:25:41

Á MESA DO PARLAMENTO

David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 7.ª**, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para favorecer aos gandeiros e agricultores galegos diante da suba dos carburantes.

O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) calcula que o consumo de gasoil representa o 69% dos custes enerxéticos totais dunha explotación agropecuaria. O subministro eléctrico constituiría o 24%. Con estes datos sobre a mesa, compréndese o golpe terrible que supón para os agricultores e gandeiros do noso país a asfixiante subida do prezo do gasoil.

O prezo do gasoil medrou un 30% no último ano, chegando ata os 0,939 céntimos por litro, segundo os datos do Xeoportal de Hidrocarburos do Ministerio para la Transición Ecolóxica. Consecuentemente, os custes de produción das máis de 30.000 explotacións agrogandeiras galegas creceron, nalgúns casos ata 3.000 euros anuais. No conxunto do sector, os custes engadidos pola subida do carburante superan xa os 24 millóns de euros e, a xulgar polo panorama, parece que seguirán aumentando.

A subida dos custes de produción prexudican moi seriamente ás granxas leiteiras galegas e as explotacións que agora se vén na obriga de recoller o millo e de sementar as praderías co prezo do gasoil polas nubes.

A situación é dunha enorme gravidade, xa que afecta a todo os sector agrogandeiro e os traballadores e traballadoras non teñen forma de facerlle fronte



sen a axuda decidida das institucións. Na actualidade, o sector agrogandeiro recupera unha parte da subida do gasoil de uso agrario grazas a devolución dunha parte do imposto especial de hidrocarburos. Porén, é preciso que o Goberno do Estado mellore dita devolución e que as subidas do carburante repercutan no que os agricultores e gandeiros cobran polo seu produto.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que pensa facer o Goberno galego para compensar aos agricultores e gandeiros pola subida do prezo do carburante?
2. Como pensa que dita subida pode afectar a economía galega os próximos anos?

Santiago de Compostela a 2 de outubro de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 02/10/2018 12:52:00

Antón Sánchez García na data 02/10/2018 12:52:08

Á Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

No ano 2015 foi identificada a presenza en Galicia da praga producida pola Tecya Solanivora Povolny, coñecida comunmente pola súa orixe centroamericana como Couza Guatemalteca da pataca.

Os primeiros lepidópteros foron detectados en algúns concellos do Norte das provincias de A Coruña e Lugo, e o pasado mes de Marzo coñecemos a aparición deste insecto, en varias parroquias do Concello de Muxía, na provincia de A Coruña.

Para tentar controlar e mesmo erradicar a súa presenza, en todos estes Concellos e lugares adoptáronse de xeito urxente medidas oficiais e fitosanitarias.

Estas baterías de medidas, afectan a produtores, distribuidores e almacenistas, obrigando aos primeiros a colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva de individuos; A utilizar semente certificada con garantías sanitarias, a realizar tratamentos fitosanitarios, oua retirar e a destruír todos os tubérculos danados co fin de controlar a praga prohibindo a saída destas zonas de toda a pataca.

Asemade se adoptaron medidas para os almacéns e outros establecementos comercializadores, como a separación da pataca de semente e de consumo, a utilización de mallas tupidas para evitar a entrada da couza, e a desinfectar os almacéns e ferramentas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Despois das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende a aparición da couza guatemalteca, cal é a situación actual da loita contra a praga de coretena da Técia Solanívora Povolny?

Santiago de Compostela 2 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 02/10/2018 12:49:20

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2018 12:49:29

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/10/2018 12:49:37

Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2018 12:49:43

Jesús Miguel Prado Patiño na data 02/10/2018 12:49:49

Jacobo Moreira Ferro na data 02/10/2018 12:50:10

Daniel Vega Pérez na data 02/10/2018 12:50:26

Á Mesa do Parlamento

Carlos Gómez Salgado, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A finais do ano 2016, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Orde da Consellería do Medio Rural pola que se adoptaba a decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da modificación do prego de condicións da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia.

Finalizado o prazo establecido na lexislación comunitaria para a presentación de alegacións, ningunha persoa física ou xurídica presentou solicitude de oposición polo que a tramitación da modificación do rexistro seguiu adiante ante o Goberno central e a Comisión Europea.

A IXP Pataca de Galicia, promotores desta modificación buscan, entre outras cuestións, incorporar a este distintivo de calidade ás variedades Agria e Fina de Carballo o que permitirá, segundo as súas estimacións, triplicar a produción acollida a esta indicación xeográfica protexida, así como ampliar a zona xeográfica de produción a toda a Comunidade autónoma co consecuente beneficio para os produtores.

Baixo estas premisas o Goberno Galego debe continuar apostando polos produtos galegos de calidade diferenciada, apoiando a produción, comercialización e iniciativas de impulso como a que afecta á IXP Patacas de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que trámites quedan pendentes para á modificación definitiva do prego de condicións da IXP Pataca de Galicia?
- 2.- Cales son as principais novidades das modificacións que se pretenden incluír na IXP Pataca de Galicia?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 12:56
Nº Rexistro: 37915
Data envío: 02/10/2018 12:56:49.213

- 3.- En que medida afectará a IXP a inclusión das variedades Agria e Fina de Carballo?
- 4.- Que outros apoios desenvolve o Goberno galego na súa aposta polo impulso deste produto de calidade diferenciada?

Santiago de Compostela 2 de outubro 2018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Gómez Salgado na data 02/10/2018 12:53:19

Raquel Arias Rodríguez na data 02/10/2018 12:53:27

Silvestre Balseiros Guinarte na data 02/10/2018 12:53:33

Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2018 12:53:40

Jesús Miguel Prado Patiño na data 02/10/2018 12:53:47

Jacobo Moreira Ferro na data 02/10/2018 12:53:59

Daniel Vega Pérez na data 02/10/2018 12:54:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os

itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Santiago - N 541 Treito A Ramallosa - A Estrada cunha lonxitude de 13,6 km, un orzamento de 75.880.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Santiago - N 541 Treito A Ramallosa - A Estrada se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada VAP Santiago - N 541 Treito A Ramallosa - A Estrada?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 75.880.000 €, ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:20:53

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:21:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:21:15

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías

de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Brión-Noia Desdobramento da VAP Brión-Noia cunha lonxitude de 17,5 km, un orzamento de 22.685.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Brión-Noia Desdobramento da VAP Brión-Noia se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada VAP Brión-Noia desdobramento da VAP Brión-Noia?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 22.685.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:21:40

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:21:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:21:54

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o

tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Santiago - Costa da Morte cunha lonxitude de 40,00 km, un orzamento de 85.000.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Santiago - Costa da Morte se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada VAP Santiago - Costa da Morte?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 85.000.000 € ou a dita cifra vaia sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:22:54

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:23:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:23:09

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o

tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Santiago - Costa da Morte cunha lonxitude de 40,00 km, un orzamento de 85.000.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Santiago - Costa da Morte se refire, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Conexión N-550 (As Galanas) - Variante AC-841 cunha lonxitude de 5,70 km, un orzamento de 29.925.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Conexión N-550 (As Galanas) - Variante AC-841 se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Conexión N-550 (As Galanas) - Variante AC-841?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 29.925.000€ ou dita cifra vai a sufrir algunha modificación? De ser así, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 16:39
Nº Rexistro: 37960
Data envío: 02/10/2018 16:39:23.824

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:22:21

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:22:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:22:35

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoble para transformalas en autovías cando o

tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito II: Pardiñas-Roxos cunha lonxitude de 1,80 km, un orzamento de 9.450.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito II: Pardiñas-Roxos se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito II: Pardiñas-Roxos?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 9.450.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:23:30

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:23:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:23:44

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito III: Roxos-Brins cunha lonxitude de 7,20 km, un orzamento de 26.640.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito III: Roxos-Brins se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito III: Roxos-Brins?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 26.640.000€ ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:24:49

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:24:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:25:06

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito IV: Brins - N-550 (Polígono Industrial Tambre) cunha lonxitude de 6,40 km, un orzamento de 29.440.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito IV: Brins - N-550 (Polígono Industrial Tambre) se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Cinturón Oeste Treito IV: Brins - N-550 (Polígono Industrial Tambre)?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 29.440.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:24:04

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:24:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:24:21

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Xoaquín María Fernández Leiceaga, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como Plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1. Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.
2. Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.
3. Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.
4. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Duplicación da calzada da AC-522 (As Galanas - Pardiñas) cunha lonxitude de 3,30 km, un orzamento de 12.210.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2017.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Duplicación da calzada da AC-522 (As Galanas - Pardiñas) se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Área Metropolitana de Santiago de Compostela - Duplicación da calzada da AC-522 (As Galanas - Pardiñas)?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2017?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 12.210.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, ser for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:25:36

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:25:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 16:25:53

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O envellecemento poboacional constitúe unha realidade e singular característica para Galicia, que irá en aumento nos próximos anos, sen que teña para moitas das persoas maiores unha axeitada resposta por parte dos poderes públicos e en concreto por parte da Comunidade Autónoma, competente en materia de servicios sociais que inclúe ás políticas de familia, benestar social, inclusión social, servicios comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.

O informe publicado recentemente polo Consello de Contas sobre “*O gasto público autonómico en centros residenciais para persoas maiores e persoas con discapacidade*”. sinala nas súas conclusións que a ratio de prazas residenciais en Galicia é inferior á media estatal, e sitúase moi por debaixo do recomendado pola OMS, producíndose ademais nestes últimos anos un maior incremento das prazas privadas (na actualidade o 65 % do total das prazas ofertadas) en detrimento das xestionadas directamente pola Administración autonómica.

Esta aposta do goberno de Feijoo pola privatización de servizos públicos amósase tamén na fiscalización que o Consello de Contas realizou dos gastos de funcionamento dos centros públicos, que descenden desde o ano 2012 a pesar de que o número de prazas residenciais permanece case inalterable, así como o dos gastos de persoal das residencias xestionadas pola Xunta de Galicia, que experimentaron un descenso dun 7,1 % no exercicio 2015 con respecto ao exercicio 2010, debido ás medidas de contención para corrixir o déficit público e a non cobertura das ausencias nas xornadas mediante contratacións temporais.

Todo elo cando a pesares de que son numerosas as persoas maiores que en Galicia demandan unha praza residencial, pero non poden ter acceso á mesma e dadas as cifras demográficas, serán máis no futuro inmediato. Así para dentro de quince anos, no 2031, o IGE prevé que existan da orde de 780.000 persoas de 65 ou máis anos, un aumento superior ao 17 % con respecto ás cifras actuais. Sen que a planificación da Xunta de Galicia pareza ter en conta tales previsións de acontecementos a curto e medio prazo, senón que, ao contrario: mantén un

inaceptable e moi considerable retraso ao respecto das actuacións que debera levar adiante co obxecto de facer fronte a esta importante carencia pública.

Unha das comarcas que presenta un maior índice de envellecemento é a da Baixa Limia, en Ourense, onde segundo datos do IGE do ano 2017, a poboación maior de 64 anos representa o 45 % do total. Tendo en conta esta situación, a veciñanza e o PSdeG leva moitos anos reclamando a posta en marcha dunha residencia pública no concello de Lobios, situado na Baixa Limia. Esta ten sido unha promesa electoral do PP recorrente, que ata o de agora, e despois de máis de nove anos de goberno de Feijoo, segue sen concretarse por parte da Consellería de Política Social.

Recentemente tiñamos coñecemento, a través dos medios de comunicación de que a Deputación de Ourense, o Concello de Lobios e a Fundación San Rosendo asinaron un convenio a tres bandas para construír una residencia de maiores de oitenta prazas. Segundo se comunicou, o Concello porá os terreos, a Deputación aportará 400.000 euros para as obras, e a Fundación promoverá a construción e xestionará o servizo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego construír unha residencia pública de maiores no concello ourensá de Lobios?
2. En caso de renunciar á posta en marcha deste proxecto, a que se debe?
3. Vai participar a Xunta de Galicia na construción e/ou xestión da residencia de maiores anunciada recentemente pola Deputación de Ourense, o Concello de Lobios e a Fundación San Rosendo?
4. Púxose en contacto a Deputación de Ourense ou o Concello de Lobios coa Xunta de Galicia para solicitar apoio económico a este proxecto?
5. En caso afirmativo, cal vai a ser a dotación orzamentaria que vai dedicar?
6. Considera a Xunta de Galicia que coa posta en marcha desta residencia privada, se vai cubrir a necesidade de asistencia aos maiores da comarca da Baixa Limia?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 17:10
Nº Rexistro: 37983
Data envío: 02/10/2018 17:10:47.745

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 02/10/2018 17:05:55

Raúl Fernández Fernández na data 02/10/2018 17:05:59

Julio Torrado Quintela na data 02/10/2018 17:06:03

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

No ano 2008, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da hoxe Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ditaba resolución para outorgar a autorización ambiental integrada para un vertedoiro de residuos non perigosos na canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela.

Hai tempo que os veciños e veciñas se teñen organizado nunha plataforma que advirte do padecemento de cheiros moi molestos, tremendos ruídos de vehículos e lixiviados que ata puideron ser o motivo da extinción da fauna no regato da Rañoa, que verte finalmente no río Tambre.

Da documentación que os veciños e veciñas teñen ido conquerindo e da solicitada por este grupo parlamentario ao Goberno (fundamentalmente actas de inspección) e relativa á xestión deste vertedoiro, dedúcese que estamos ante un vertedoiro de residuos sólidos urbanos, xa que a materia orgánica biodegradable depositada ata setembro de 2016 supera amplamente o 27 % e no ano 2017 superou o 30 %. E o malo é que o vertedoiro de Miramontes non está especialmente deseñado para a recepción de residuos orgánicos, posto que as probas de seguranza sobre as analíticas para o control de gases e o control de gretas e afundimentos non cumplan os trámites de período que a normativa esixe.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É o vertedoiro da canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela, un vertedoiro de residuos sólidos urbanos?
2. Que interpreta o Goberno galego dos datos derivados da acta de inspección SA/149/2017/IV?
3. Sabe o Goberno cal é a porcentaxe de materia orgánica biodegradable que está depositada no vertedoiro de Miramontes dende o inicio da actividade?
4. Está este vertedoiro especialmente deseñado para a recepción de residuos orgánicos?

5. Sabe o Goberno se se están a depositar no vaso de vertido residuos cunha porcentaxe de humidade superior ao 65 %?
6. Está a realizar o Goberno unha correcta xestión de pluviais co fin de minimizar a cantidade de auga que entra no vertedoiro?
7. Ten coñecemento o Goberno de se a xestión de residuos que se está a realizar no vertedoiro cumpre con todas as medidas de seguridade para evitar derrubes, explosións e incendios?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Xoaquín Fernández Leiceaga
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2018 17:03:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2018 17:03:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 17:04:04

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 17:04:09

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Lei de parques nacionais 30/2014, do 3 de decembro, establece que o solo dos parques nacionais non pode ser obxecto de urbanización nin edificación, sen prexuízo do que se determine no respectivo Plan reitor de uso e xestión en canto a garantir a xestión do propio parque.

No mes de marzo, o Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (Seprona) abría unha investigación por un presunto delito urbanístico nas Illas Cíes (en concreto, por presuntas obras ilegais nunha vivenda), illas incluídas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas. O lamentable é que non se trata da primeira vez: en 2009, existira xa un proxecto de construción dunha pasarela de acceso ao interior da illa polo medio do cordón dunar de Punta Muxieiro, obra paralizada polo Seprona. En 2010, empregáronse pedras do antigo mosteiro medieval e salgadoiro para canalizar un rego na illa Sur, sen ningún tipo de autorización nin licenza. E en 2011, construíuse, en solo rústico, zona de costas, espazo natural e con xacementos arqueolóxicos unha nave para garaxe, tamén sen ningún tipo de autorización nin licenza.

Tales desleixos non son máis que a proba evidente da necesidade de aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional, que está á espera dende que fora declarado por lei como tal en xullo do ano 2002. A responsabilidade da aprobación do Plan de xestión é do Goberno galego: así o dispón a Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, que atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos mesmos. Mais o certo é que, dende que o 17 de agosto de 2011 se publicara no DOG o anuncio sometendo o documento a participación pública, nunca máis se volveu saber nada ata que, en marzo deste ano, a consellería abría un novo trámite de audiencia por 45 días para un proxecto de decreto diferente. E niso estamos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Estase a cumprir no Parque Nacional Marítimo-Terrestre Illas Atlánticas a Lei de parques nacionais 30/2014, do 3 de decembro?
2. Cando vai aprobar o Goberno galego o Plan reitor de uso e xestión do parque?
3. Que ten que dicir o Goberno sobre a investigación do Seprona por un presunto delito urbanístico por obras ilegais nas Illas Cíes?
4. Que ten que dicir o Goberno sobre os outros “episodios presuntamente ilegais” de 2009, 2010 e 2011?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2018 16:58:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/10/2018 16:58:13

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 16:58:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 16:58:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**

O noso grupo ten presentado en varias ocasións iniciativas que pretenden mellorar a situación de falla de transparencia de Portos de Galicia, así, na web da entidade, apenas figura información relevante e que debería ser coñecida publicamente en aras ao cumprimento da normativa e da desexable transparencia na xestión do público.

O ente leva sen publicar os informes ou memorias anuais de actividade dende o 2013, pero o máis preocupante é a resposta que da a entidade a unha pregunta do noso grupo cando, o 1 de outubro, responde que as memorias anuais dende o 2013 teñen a súa edición contratada e en elaboración.

Pero non so iso, cando o noso grupo pregunta polos datos contidos nun informe inaccesible, pero presentado en rolda de prensa polo presidente de Portos, sobre os datos dos tránsitos de portos deportivos, a resposta é directamente “insultante” xa que ante unha solicitude de información realizada polo grupo parlamentario, responden que estes datos están en poder do “gabinete de prensa” da entidade e que xa da conta dos mesmos o presidente en roldas de prensa.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Cando pretende Portos de Galicia facer públicas as memorias de actividade posteriores a 2013?



- Cal é o motivo polo que non aparece información na web da entidade sobre os convenios subscritos por Portos de Galicia dende 2008-2009?
- Ten previsto en algún momento dar a coñecer esta información ao conxunto da cidadanía?
- Creen que é unha actitude correcta presentar un informe en rolda de prensa, non facelo público, e remitirse ao gabinete de prensa do ente cando se solicita acceso ao mesmo?
- Consideran lóxico que sexa un gabinete de prensa o encargado de custodiar, e permitir ou non, o acceso a informes públicos de actividade?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/10/2018 17:25:59

Paula Quinteiro Araújo na data 02/10/2018 17:26:10

Carmen Santos Queiruga na data 02/10/2018 17:26:19

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En xaneiro de 2018 os armadores, regulado no marco do Plan de Recuperación da Merluza Sur e Cigalas (Zonas do CIEM VIIIc e Ixa) do Cantábrico Noroeste, solicitaban unha reunión de traballo a efectos de tratar o que consideraban un grave problema para a súa flota, motivado pola perda considerable de pescada para 2018, xa que desde 2014 viñan tendo unha perda no TAC dun 60 %. Tratábase de articular as medidas precisas para levar a cabo unha parada temporal subvencionada da flota.

A resposta da Dirección Xeral de Pesca foi que esta reunión sería o 6 de marzo, pero que non sería coa conselleira, debido a que a súa “axenda está apretada”. Non obstante, un día antes esta reunión aprazouse, e foi solicitada novamente de xeito urxente. É preciso lembrar que na solicitude de reunión indicábase a gran preocupación e a grave situación que se prevía para a flota galega.

Na reunión celebrada finalmente en abril, a directora xeral solicitoulle aos afectados un documento base que explicase a súa situación. Neste documento o sector recolleu a súa preocupación e solicitaba que se dese posterior traslado á Mesa Sectorial da proposta de parada temporal subvencionada do 100 %, tanto para tripulantes como para armadores. Esta parada iría destinada a buques incluídos no Plan de recuperación de pescada sur e cigala e que ademais reuniran condicións que se especificaban neste documento, que era subscrito por OPP31 Pescagalicia, Pescagalicia-Arpego-Obarco, OPP7 Lugo, Federación de confrarías de Lugo, Federación de confrarías de Galicia, Avocano, Orpal Asociación Armadores de Palangre, Armadores Ribeira, Cooperativa Armadores Ribeira, Armadores de Marín, Arvi, Confraría de Muros, Porto de Celeiro, Confraría Cedeira, e Confraría de Corme.

Non obstante, para sorpresa e desgusto do sector, este non foi presentado pola Dirección Xeral de Pesca na reunión da Mesa Sectorial do 31 de xullo en Madrid, a diferenza do que fixeron outras comunidades autónomas, que si o presentaron, como, por exemplo, Andalucía que de feito o 14 de setembro publicaba no

Boletín Oficial da Xunta de Andalucía as bases reguladoras para as concesións de subvencións para a paralización temporal da actividade pesqueira, previstas no Programa Operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

Cabe preguntarse por que a directora xeral non presentou este documento na Mesa Sectorial de Madrid a pesar de ser solicitado polo sector, e de comprometerse coa flota. Pero temos que lamentar a actitude da Consellería especialmente nos últimos tempos, máis centrada nas eleccións das confrarías que na situación do sector.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos polos que a directora xeral non presentou á Mesa Sectorial a proposta de parada temporal subvencionada para buques afectados polo Plan de recuperación da merluza sur e cigala, a pesar que foi solicitada polo sector?

2ª) Vai levar a cabo algunha xestión o Goberno galego para abrir unha liña de axudas para subvencionar a parada temporal para buques afectados polo Plan de recuperación merluza sur e cigala?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/10/2018 17:53:09

Patricia Otero Rodríguez na data 02/10/2018 17:53:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

Fai anos que a Xunta de Galicia decidiu poñer en mans da empresa privada POVISA, que pertence ao Grupo Nosa Terra XXI e que xestiona o Hospital privado do mesmo nome, parte da asistencia sanitaria da Área de Vigo.

Dita asistencia, foi ampliándose mediante modificacións no convenio ata chegar a ter un total de 137.000 persoas coas súas cartillas adscritas ao hospital. Unha privatización estrutural da asistencia sanitaria que chegou a condicionar o investimento público da Área sanitaria de Vigo.

Dende que existe o concerto con POVISA, as chantaxes desta para provocar unha renegociación dos concertos son de sobra coñecidas e sempre levan como resultado unha mellora nas condicións da empresa, que supoñen un custo para o Servizo Galego de Saúde e nas que ademais, a empresa aproveita a conxuntura para endurecer as condicións laborais das traballadoras e traballadores.

Unha vez máis, asistimos a outra chantaxe da empresa, rexistrando un precurso de acredores e culpando de presuntas perdas ao concerto que mantén co Servizo Galego de Saúde, para instar unha negociación onde poder esixir máis recursos públicos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1.^a) Ten pensado a Xunta de Galicia solicitar á empresa unha auditoría das súas contas?
- 2.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia da actual situación, pese aos beneficios declarados pola empresa?
- 3.^a) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia a utilización do persoal do hospital e da asistencia sanitaria por parte da empresa, á hora de esixir máis recursos públicos?
- 4.^a) Considera a Xunta de Galicia que os investimentos feitos por POVISA en innovación, cos que non conta a rede pública, teñen afectado nesta suposta situación?
- 5.^a) Que valoración lle merece á Xunta de Galicia a redución de camas e instalacións públicas do SERGAS na Área sanitaria de Vigo?
- 6.^a) Non considera a Xunta de Galicia esta xestión económica de POVISA, unida ás longas listas estruturais das que adoece, resultan un indicativo da inviabilidade de manter concertos sanitarios de xeito estrutural?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 02/10/2018 17:58:18



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:16
Nº Rexistro: 38016
Data envío: 02/10/2018 18:16:38.562

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galiza levou a cabo un proceso de desmantelamento e deterioro da atención sanitaria primaria, que a pesar de ser a porta de entrada do sistema sanitario e a parte fundamental dunha verdadeira política de saúde pública, viu reducidos drasticamente os investimentos co pretexto da crise. Ao mesmo tempo que se debilita e deteriora a atención primaria, vemos como se destinan sumas millonarias á privatización doutras partes do sistema de saúde pública, convertidas en obxecto de negocio para grandes corporacións multinacionais.

Esta merma dos investimentos na atención primaria que se produciu nos últimos anos cebouse especialmente co persoal médico, coa redución de prazas e a precarización das condicións laborais de profesionais que realizan substitucións. Isto cando se producen as substitucións, xa que en moitos casos non se cobren as vacantes por permisos, baixas ou vacacións.

A situación é máis alarmante aínda no caso do servizo de pediatría. A política de redución de persoal, as restricións na reposición de xubilacións e a precariedade salarial provocou un déficit estrutural de profesionais pediatras. Dáse así o paradoxo de que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:16
Nº Rexistro: 38016
Data envío: 02/10/2018 18:16:38.562

malia a existir necesidades de persoal, moitas profesionais procuran un mellor futuro laboral fóra de Galiza.

Nos últimos tempos son frecuentes as protestas en numerosos concellos galegos pola falta de pediatra, especialmente nos períodos vacacionais ou de baixa de pediatras titulares. É o caso do Concello de Mondariz, onde son recorrentes os problemas por baixas ou vacacións da pediatra da localidade. Así, no mes de agosto e e na maior parte de setembro non funcionou o servizo de pediatría e os aproximadamente 500 nenos e nenas do Concello foron derivados a Ponteareas. Dese a última semana de setembro cubriuse o servizo só dous días á semana, coa prolongación de xornada dun pediatra que se despraza desde Vigo.

A situación pode aínda ir a peor posto que a titular da praza solicitou o traslado e non existen garantías por parte do Sergas de que se vaia cubrir no futuro de xeito permanente.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Como valora o goberno galego a situación da atención primaria e os problemas derivados da ausencia de pediatras para cubrir as prazas vacantes e para facer substitucións?

-Que medidas está a desenvolver a Xunta de Galiza para reverter esta situación?

-Que previsións manexa o goberno galego para dotar prazas de pediatría diante das carencias existentes e da xubilación de profesionais nos vindeiros anos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:16
Nº Rexistro: 38016
Data envío: 02/10/2018 18:16:38.562

-Ten previsto a Xunta de Galiza mellorar as condicións laborais e salariais do persoal médico substituto para evitar o éxodo de profesionais?

-Considera o goberno galego que esta situación de deterioro da atención primaria e de carencia de servizo de pediatría é coherente coa suposta aposta pola atención á infancia e polo rural?

-Ten previsto o goberno galego cubrir permanentemente e con horario completo a praza de pediatra no centro de saúde de Mondariz no caso do traslado da persoa titular?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 18:16
Nº Rexistro: 38016
Data envío: 02/10/2018 18:16:38.562

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2018 18:15:57

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2018 18:16:01

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2018 18:16:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2018 18:16:04

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2018 18:16:05

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2018 18:16:06

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a**.

O sector leva meses, se non anos, alertando sobre a problemática situación da pesquería do Polbo en Galicia. Son moitos os profesionais que dependen fundamentalmente desta captura para salvagardar os seus empregos e o futuro das súas embarcacións.

Así todos coinciden na escaseza de capturas e a imposibilidade de abastecer o mercado galego coa situación actual. Frote a isto, unha consellería allea á realidade da nosa frota acaba de facer pública unha resposta que non pode máis que asombrar aos que estamos certamente preocupados por esta situación, dando por suficientes as medidas adoptadas para esta pesquería. A Consellería afirma literalmente :

“ Con respecto á última campaña do polbo, as capturas superaron as 1.300 toneladas e a facturación rozou os 12,5 millóns de euros, unha cifra superior aos 11 millóns de euros facturados na campaña 2015-2018, que xa fora considerada unha boa campaña.

Ademais, se temos en conta as vendas totais da frota despachada a polbo durante todo o ano, a maioría da frota está en número por riba da media dos tres últimos anos.

Por último, debemos lembrar que a frota de artes menores galega é unha frota polivalente xa que as embarcacións poden empregar outras artes con cambios temporais.”



Para o noso grupo é inaceptable o grao de autocomplacencia ante unha realidade que é palmaria e demostrable mediante os números da propia consellería, polo que deberían estudarse novas liñas de acción, ao respecto da investigación, os plans de explotación, e o conxunto de medidas que axuden a mellorar os datos da pesquería do polbo nas nosas costas.

Así os propios datos, extraídos da plataforma dixital, parecen desmentir as afirmacións do goberno:

Descrición	Data	Quilos	Importe €	Min. €/Kg	Max. €/Kg	Medio €/Kg
Polbo	2017	1393889,58	11029730,92	0,1	17	7,91
		1393889,58	11029730,92			
Polbo	2016	3192187,94	19255882,42	0,35	12	6,03
		3192187,94	19255882,42			
Polbo	2015	1769660,19	10211476,29	0,1	12	5,77
		1769660,19	10211476,29			
Polbo	2009	1987234,55	9786944,32	0,3	10,25	4,92
		1987234,55	9786944,32			

Nesta táboa podemos observar como non só se reduciron de forma alarmante as capturas , tamén o fixo o importe de venda a pesar do continuo incremento do prezo.



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

- 1.^a) Que valoración fai a Xunta de Galicia desta situación, reafirmase en considerar positivas as últimas campañas?
- 2.^a) Cree a Xunta que se están adoptando as medidas oportunas para garantir a continuidade da especie e a súa rentabilidade pesqueira?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Julia Torregrosa Sañudo

Puala Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/10/2018 18:25:27

Julia Torregrosa Sañudo na data 02/10/2018 18:25:34

Paula Quinteiro Araújo na data 02/10/2018 18:25:43

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O sector pesqueiro da Provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da Comarca da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia : Burela e Celeiro, sen esquecer ó resto de portos da Comarca: Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Burela e Celeiro destacan, no só polo volume de vendas das súas lonxas, senón tamén pola súa importante flota, no que hai que salientar o elevado número de buques de gran tonelaxe, moitos deles faenando en augas internacionais e comunitarias, o que implica a necesidade de maior número de titulados náuticos-pesqueiros, así como un maior nivel de formación.

A demanda de persoal con formación para o sector pesqueiro vai en aumento e, como podemos ver no informe do SEPE do 1º, 2º e 3 trimestre do ano 2018 en Lugo, dentro das ocupacións de difícil cobertura a maioría destas son de profesionais do mar, pero non se trata dunha necesidade puntual senón que se mantén no tempo como se pode comprobar ao ver o histórico destes informes.

As actividades en materia educativa están transferidas á Comunidade Autónoma de Galicia segundo Real decreto 523/2006 do 5 de maio (BOE n.º 123 do 24 de maio).

Se analizamos a oferta de formación para titulados de Ponte e Máquinas en Galicia, vemos que contamos cun centro de FP, onde se imparten ciclos da familia Marítimo-Pesqueira, todos eles nas provincia da Coruña e Pontevedra.

Os certificados de profesionalidades regulados polo RD 34/2008, do 18 de xaneiro, son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da Administración laboral.

Acreditan o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral identificable no sistema produtivo sen que iso constituía unha regulación do exercicio profesional.

Teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e son expedidos polo SEPE e os órganos competentes das CCAA.

Debemos de ter en conta tamén que os profesionais do mar deben de contar cos certificados de especialidade, que teñen por obxecto completar ou perfeccionar a formación en determinados temas relativos á seguridade ou habilitar para exercer determinadas funcións ou especialidades nos buques. Trátase de cursos, que unha vez realizados, tamén deben de ser actualizados periodicamente.

A Orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a, pescador/a, patrón/oa local de pesca e patrón/oa costeiro/a polivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndelle á Consellería en materia de pesca a través da Dirección Xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro.

Así mesmo, a disposición derradeira primeira desta orde faculta á Dirección Xeral con competencias en materia náutico e marítimo-pesqueira para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

A Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece a modalidade de Teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro-pescador.

Se nos centramos na situación da formación Náutico-Pesqueira na Mariña lucense a situación é penosa, posto que:

- 1.- Non existe ningún centro que imparta Formación Profesional da familia Marítimo-Pesqueira, concentrándose todas as escolas nas Provincias da Coruña e Pontevedra.
- 2.- Non se está impartindo na actualidade ningún Certificado de Profesionalidade do sector na Comarca da Mariña.
- 3.- Hai anos na Delegación de Pesca de Celeiro levábanse a cabo cursos que agora desapareceron. Algúns dos cales se están a organizar a través de academias privadas.

4.-A infrautilización do centro Vicente Graña de Celeiro, da Confraría de Pescadores de Celeiro, homologada pola Dirección de Mariña Mercante na Resolución do 14 de agosto de 2003.

5.- No caso de acceder á teleformación ofertada pola Consellería do Mar, deben desprazarse ás provincias da Coruña e Pontevedra para a realización dos exames presenciais.

6.- A oferta formativa, que case se pode definir como nula na comarca, obriga incluso a ter que realizar ou revalidar os cursos fóra da nosa Comunidade Autónoma, co conseguinte custo económico e co agravante da falla de tempo dos traballadores do mar, sobre todo no caso da pesca de altura onde deben de quedar en terra unha marea, para poder acceder a eses cursos sen os cales non poderían embarcar.

A pesar da importancia do sector pesqueiro na provincia de Lugo e a necesidade de persoal con titulación marítimo-pesqueira para cubrir a demanda da flota da Mariña lucense e garantir o relevo xeracional, a oferta formativa existente é non só insuficiente senón que supón un agravio comparativo co resto das provincias costeiras de Galicia.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego impartir certificados de Profesionalidade marítimo-pesqueira na Mariña lucense, se for o caso, en que prazo?

2ª) Ten previsto o Goberno galego organizar os cursos precisos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias, se é o caso, en que prazo?

3ª) Te previsto o Goberno galego a creación na Mariña lucense dunha escola que imparta ciclos formativos en materia marítimo-pesqueira, en grados básico, medio e superior, de se dar o caso, en que prazo?

4ª) Ten previsto o Goberno galego estudar a posibilidade de que se imparta FP Dual da familia Marítimo-Pesqueira na Mariña Lucense, se é o caso, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 10:38
Nº Rexistro: 38025
Data envío: 03/10/2018 10:38:21.242

Patricia Otero Rodríguez na data 03/10/2018 10:35:08

María Dolores Toja Suárez na data 03/10/2018 10:35:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un Ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, que ten entre outras as seguintes competencias: Ordenación da zoa de servizo do porto e dos usos portuarios; Planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; Fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; Coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.

A súa área de influencia sobarda a cidade olívica, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5km, e arredor de 20 ha. da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración da autoridade portuaria de Vigo.

Na actualidade varias empresas están radicadas na zona cercana ao mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000.

Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess,



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

ou do “Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a presidencia da Autoridade Portuaria tense manifestado interese por rendibilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.

A primeira das propostas que o Presidente da Autoridade Portuaria lanzou propoñía converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que puidesen quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de dismantelar o propio Cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar de Redondela.

Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Convertiríase este ámbito, de algo máis de 40.000m², nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo transcendeu publicamente, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, da que forman parte Alfonso Rueda, Ignacio López Chaves e Mercedes Rodríguez).

Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis adentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

Calquera das alternativas propostas volve a poñer en grave risco o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000.

Este espazo singular, alberga o escenario da Batalla Naval de Rande, o Museo Meirande, ademais doutros elementos de grande valor como a Illa de San Simón, os



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

restos da fortificación defensiva de Rande, a praia de Cesantes, e numerosas mostras de patrimonio industrial e etnográfico.

Un proxecto destas características vai levar aparelado un elevado investimento tanto na adquisición dos terreos como na execución das obras dos accesos. E vai ter un impacto moi negativo na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana, debido principalmente ao tráfico pesado. En lugar de protexer e potenciar os valores culturais e ambientais da zona, preténdese alterar este espazo da beiramar converténdoo nun almacén de contedores.

Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (PLISAN), promovida pola Xunta de Galiza, Zona Franca e Autoridade Portuaria, logo de máis de unha década de retraso, está no proceso de urbanización da primeira fase. Parece lóxico que este “porto seco” actúe como espazo loxístico e acolla proxectos como o que a autoridade portuaria de Vigo pretende ubicar en Rande.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza do Proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de destinar os terreos da Empresa Duchess, e do “Cargadoiro de Mineral”, así como os terreos adxacentes, en almacén de contedores, ou de calquera outra actividade que supoña un impacto negativo na contorna?

-Considera o goberno galego que este uso é compatíbel cos valores culturais e ambientais da zona, declarada LIC e incluída na Rede Natura?

-Ten intención a Xunta de Galiza de incoar o procedemento para a catalogación e protección do Cargadoiro de mineral e doutros exemplos de patrimonio industrial que



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

existen na zona?

-Tendo en conta o remate no ano 2019 da primeira fase da PLISAN, non considera a Xunta de Galiza que este tipo de proxectos teñen mellor encaixe nese emprazamento en lugar dunha zona sensíbel e de grande valor cultural e ambiental como a do estreito de Rande?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2018 11:01:54

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2018 11:01:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 11:05
Nº Rexistro: 38032
Data envío: 03/10/2018 11:05:23.411

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2018 11:02:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2018 11:02:02

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2018 11:02:04

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2018 11:02:06

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 5ª**.

No curso 2017/2018 a Consellería de Educación asinou unha addenda do Convenio que mantén coa Cruz Vermella para facilitar o servizo de transporte adaptado a 52 alumnas e alumnos con discapacidades. Este mesmo acordo xa fora subscrito para o curso anterior.

Cun investimento duns 179.000 euros, a Consellería financiou o curso pasado o importe dos desprazamentos de ida e volta desde os domicilios do alumnado aos seus centros escolares, así como a, ou desde, os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, nos vehículos podían viaxar os 12 coidadores que acompañan a aquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. A Consellería de Educación fíxose cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

No presente curso, téñense producido dificultades no transporte de alumnado con discapacidade na provincia de Lugo.

No caso de alumnado que tiña o transporte con Cruz Vermella, no presente curso comezaron a prestalo empresas de transporte regular de viaxeiros, sen aparente formación específica para o traslado do alumnado con distintas discapacidades aos centros.

Por outra parte, a ANPA do CEE Santa María de Lugo denuncia que a un alumno do centro con residencia na Fonsagrada, con diagnóstico de TEA e un 75% de grao de discapacidade recoñecido, lle foi modificado o servizo de transporte e pasou de facer un traxecto de 50 minutos por viaxe, de xeito directo, a outro de máis de dúas horas (140 km diarios). A Xunta alega que a idade do alumno (18 anos) é superior á da escolarización obrigatoria, a pesar de que os centros de educación especial amplían a súa oferta educativa ata os 21 anos. Este alumno presenta neste momento un trastorno asociado de sono, o que motivou que en cursos pasados se lle facilitase a chegada ao centro ás 9:50 horas.

Para as persoas con TEA é fundamental o mantemento das rutinas para posibilitar o desenvolvemento pleno das súas capacidades.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Anulouse a colaboración da Consellería de Educación coa Cruz Vermella no transporte escolar adaptado?
- Como se está prestando o servizo de transporte escolar adaptado no presente curso na provincia de Lugo?
- Teñen as empresas de transporte regular de viaxeiros por estrada a formación axeitada para fornecer o servizo de transporte escolar adaptado?
- Considera a Xunta que o alumnado con TEA da provincia de Lugo dispón dun servizo axeitado de transporte adaptado?
- Que vai facer a Xunta para facilitar o acceso aos centros escolares e ás terapias do alumnado con TEA ?



- Cantos alumnos e alumnas con discapacidades da provincia de Lugo facían uso do transporte escolar adaptado no curso 2017/2018? Que número de alumnado terá este servizo no curso 2018/2019 na provincia de Lugo?
- Por que a Xunta non mantén ao alumno citado do CEE Santa María o servizo de transporte nas mesmas condicións que o curso pasado?
- Tívoise en conta no prego de cláusulas de contratación do servizo de transporte ao CEE Santa María a situación especial deste alumno?
- Ten previsto a Xunta asumir o desenvolvemento axeitado do transporte escolar adaptado?
- Non considera a Xunta que o alumnado con TEA do medio rural lucense sofre discriminación en canto acceso a servizos?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 03/10/2018 11:34:09



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a situación que vive, en materia de transporte, un estudante da Fonsagrada matriculado no Colexio Público de Educación Especial Santa María de Lugo.

A familia dun estudante da Fonsagrada denunciou publicamente que o seu fillo, que posúe unha discapacidade recoñecida do 75% e TEA, viu modificado o seu transporte escolar o que o obriga neste curso (2018/2019) a pasar catro horas –dúas ida e dúas volta-- no autobús para acudir a aulas no Colexio Público de Educación Especial Santa María, na cidade de Lugo.

Tanto a familia como a ANPA do Colexio solicitaron á xefatura do servizo de transportes da Consellaría de Educación de Lugo que adoptasen as medidas que correspondesen para que o tempo de autobús se axustase aos 50-55 minutos que como máximo exige a lexislación vixente nesta materia. Porén, desde a Xefatura aseguraron que ao se tratar dun estudante maior de 16 anos a administración non está obrigada a transportar o alumno polo que lle ofreceron, como alternativa, que ficase interno no centro –o único de Educación especial para adultos da provincia; que collese dous autobuses, un desde a súa casa a Baralla e outro desde esta localidade a Lugo, ou coller o autobús escolar até o instituto da Fonsagrada e desde alí ir en taxi até Lugo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 12:57
Nº Rexistro: 38039
Data envío: 03/10/2018 12:57:45.027

A familia rexeitou estas alternativas polos prexuízos que ocasionan para o seu fillo debido ao seu diagnóstico.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación na que se atopa este alumno da Fonsagrada?

- Cal foi a razón para que o servizo de transporte deste alumno da Fonsagrada mudase en relación ao pasado curso?

- Afectaron estas mudanzas a máis estudantes?

- Cre o Goberno galego que unha persoa co diagnóstico deste alumno pode e debe atoparse nesta situación?

- Prevé a Xunta de Galiza adoptar algunha medida para garantir o transporte, nas debidas condicións, deste estudante?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 12:57
Nº Rexistro: 38039
Data envío: 03/10/2018 12:57:45.027

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2018 12:46:04

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2018 12:46:09

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2018 12:46:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2018 12:46:12

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2018 12:46:13

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2018 12:46:14

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A ría de Ferrol é un recurso natural e paisaxístico susceptible de aproveitamento primario para o sustento de varias familias nunha economía medioambientalmente sostible, ademais do aproveitamento como recurso turístico incuestionable.

Na actualidade existen aproximadamente cincocentas familias vivindo directamente do marisqueo na Ría de Ferrol, entre as que traballan na Confraría de Ferrol e a de Barallobre. Este colectivo leva loitando por unha ría sustentable moitos anos e seguen a facer propostas e suxestións que amplíen a súa capacidade económica sempre dunha forma sostible.

Desde hai moito tempo os lodos que se acumulan na ría de Ferrol, nomeadamente a causa do peche dos condutos de auga na Ponte das Pías, foi pechando os fondos, e polo tanto, reducindo a capacidade de marisqueo na zona. Ante esta situación as confrarías de Ferrol e Barallobre formularon ante a Mancomunidade de Municipios e outras administracións a necesidade de facer diferentes xestións cara á viabilidade da apertura de fondos e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros. En efecto a devandita suxestión foi acollida polos concellos da Mancomunidade, así como pola Deputación Provincial da Coruña onde o presidente comprometeuse a asinar un convenio coa Xunta de Galicia ao 50 %, sempre que a administración competente (Xunta a través da Consellería do Mar) puxese, polo menos, unha cantidade igual á da Deputación, órgano sen competencias específicas na materia pero disposta a achegar o seu esforzo porque son conscientes da importancia do marisqueo como sector produtivo.

Trátase, polo tanto, tendo en conta o amplo consenso de apoio a esta iniciativa, de implicar á Xunta de Galicia á sinatura do convenio coa Deputación para facilitar a apertura dos ditos fondos a través da renovación do produtos marisqueiros con novas sementes.

Por iso o deputado que as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería do Mar da necesidade de implantar semente produtiva na Ría de Ferrol?

2ª) Que opinión lle merece a dita situación na ría de Ferrol?

3ª) Ten algunha medida prevista a Consellería do Mar sobre a perda de produtividade marisqueira na ría de Ferrol?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/10/2018 11:45:01

María Dolores Toja Suárez na data 03/10/2018 11:45:10

Patricia Otero Rodríguez na data 03/10/2018 11:45:20

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Varios medios de comunicación publicaban a principios de outubro que Galicia é a autonomía que menos aporta á dependencia en relación co resto das comunidades, a máis de oito puntos por debaixo da media. Isto pode explicar a situación que se está a dar na Costa da Morte, que conta con varias residencias xeriátricas, pero non centros de día. Cabe destacar a importancia que teñen os centros de día na nosa sociedade. Aínda que existen máis residencias que centros de día, estes últimos permiten manter o domicilio da persoa; polo que non existe desvinculación co seu entorno habitual, algo de gran relevancia para as persoas maiores.

Corcubión conta cun edificio rehabilitado para o seu uso como centro de día cunha capacidade para 25 persoas aproximadamente. A súa radicación é inmejorable atopándose no centro da localidade contando cunha correctísima accesibilidade e proximidade ao centro de saúde da vila, así como o hospital da vila de Cee a tan só 1,5 km.

Este centro non está en funcionamento debido á falta de recursos económicos do concello e cabe salientar que sería o único centro de día da zona sur da comarca da Costa da Morte e xunto co de Muros os únicos de toda a comarca.

A posta en marcha deste centro de día é de suma importancia e urxencia pois os posibles usuarios non terían que asumir todos os días os 44 km de distancia ata o único centro de día existente, no caso de dispor de praza, o tempo necesario para desprazarse sería entre unha hora e cinco e unha hora e cuarto, ao cal hai que sumar o tempo de volta.

É inexplicable que o Goberno galego poña coma escusa a existencia deste centro de día, e máis o de Cabana a unha distancia de aproximadamente 50 km, e o tempo de desprazamento estaría entre 50 minutos e unha hora e dez minutos.

Novamente habería que sumar o tempo de volta.

Ante esta situación e tendo en conta que neste centro público hai investidos máis de 350.000 euros, que a súa apertura permitiría dar servizo a 25 persoas, sen esquecermos que os usuarios do Centro de Día son persoas maiores e dependentes, Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a cobertura de atención ás persoas maiores dependentes na Costa da Morte?

2ª) Vai manter o Goberno galego contactos co Concello de Corcubión para facilitar a apertura deste centro de día?

3ª) Ten previsto o Goberno galego facerse cargo da xestión do centro de día de Corcubión, se for o caso, cal é o cronograma previsto para a súa posta en marcha e adxudicación de prazas públicas?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/10/2018 11:48:59

Noela Blanco Rodríguez na data 03/10/2018 11:49:09

Julio Torrado Quintela na data 03/10/2018 11:49:19

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A dragaxe do porto de Laxe é unha cuestión tratada en repetidas ocasións no Parlamento de Galicia. A resposta do Goberno sempre é a mesma: vaise realizar pero non hai un compromiso cunha data concreta, incluso chega a establecerse unha partida orzamentaria, pero a realidade é que a dragaxe está pendente de se levar a cabo e así leva anos e anos. Porque xa no ano 2014, o Goberno respondía que para garantir unhas condicións de seguridade no porto, iniciaría o proxecto de dragaxe, nunha primeira fase, de xeito que se garanta un mellor abrigo, e quedarían para unha segunda o resto das accións contempladas na alternativa elixida pola comisión de traballo. Informábase ademais que xa estaban iniciados os trámites para a contratación do proxecto técnico da dita dragaxe.

Catro anos despois, determinado xa o lugar de depósito dos vertidos derivados, a dragaxe segue sen levarse a cabo. O anteprojecto recolle un prazo máximo duns 18 meses. Non podemos esquecer que se trata dunha cuestión de seguridade, xa que á vista da grave situación de risco que con maruxía se produce no peirao, como consecuencia das contracorrentes e remuíños causados polo novo peirao comercial, precisan adoptarse urxentemente as medidas que sexan necesarias para paliar esa situación de inseguridade, ofrecendo aos mariñeiros e ás súas embarcacións un refuxio fiable e adecuado. Actualmente os mariñeiros de Laxe teñen que abandonar o seu porto e refuxiarse noutros portos.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado no que se atopa actualmente a dragaxe do porto de Laxe?

2ª) Cando foi a última vez que se reuniu a mesa técnica, composta por técnicos de Portos de Galicia, o Concello, os portavoces de todos os grupos municipais, e a confraría de pescadores?

3ª) Cales foron as conclusións e as achegas da última reunión da mesa técnica?

4ª) Vai levar a cabo o Goberno galego a dragaxe do Porto de Laxe no ano 2019, se for o caso, cando?

5ª) Sendo a dragaxe unha medida provisional, que actuacións posteriores e en que prazos se van levar a cabo, así como que partidas orzamentarias se van dotar para levar a cabo a alternativa elixida e derivada do estudio técnico realizado en 2008?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 03/10/2018 13:39:05

Patricia Otero Rodríguez na data 03/10/2018 13:39:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:49
Nº Rexistro: 38069
Data envío: 03/10/2018 13:49:18.553

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

José Lamas Doval figura como titular dunha subexplotación bovina de produción -reprodución de carne, e dunha subexplotación de pequenos rumiantes na parroquia de Galegos no concello de Riotorto (Lugo).

A día 3/10/17 o censo nas dúas subexplotacións era de 14 animais (7 maiores de 24 meses, 4 entre 6 e 24 meses e 3 menores de 6 meses) de gando bovino, e 33 pequenos rumiantes (20 ovinos e 13 cabrúns).

O 17 de abril do 2017 realízanse as probas rotineiras de saneamento obrigatorio anual resultando reaccionantes positivas dúas reses bovinas, feito que se lle comunica xunto á inmovilización da explotación tanto de vacún coma de pequenos rumiantes, o día 25 de abril do 2017.

Na provincia de Lugo danse un bo número de reses con falsos positivos logo de seren sacrificadas que unido ó cambio de reactivos fan que haxa un crecente malestar entre os gandeiros.

A partir do 25 de abril, José Doval véndose ameazado coa inmovilización e posible retirada e sacrificio de todo o gando comeza a ter un comportamento errático de resistencia, de negarse a recibir as notificacións. A prensa faise eco da súa desgraza e o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:49
Nº Rexistro: 38069
Data envío: 03/10/2018 13:49:18.553

24 de maio son sacrificadas as dúas reses. Posteriormente, o 4 de agosto comunícaselle ó titular que debido á confirmación do positivo é preciso levar a cabo un baleiro sanitario obrigatorio na súa explotación.

Existen mostras múltiples de resistencia no desespero por parte do gandeiro ata que a 10 de xaneiro do 18 realízase a execución forzosa do baleiro sanitario capturándose os animais para seren sacrificados dun xeito un tanto cuestionable.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Que pasos vai dar a Consellería a respecto da situación deste gandeiro e do futuro da súa explotación?

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 13:49
Nº Rexistro: 38069
Data envío: 03/10/2018 13:49:18.553

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2018 13:48:02

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2018 13:48:09

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2018 13:48:11

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2018 13:48:12

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2018 13:48:13

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2018 13:48:15

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Resulta amplamente coñecido e recoñecido o valor pedagóxico do xadrez na formación de nenos e nenas, tanto no plano educativo como no puramente persoal, debido á potenciación de capacidades cognitivas e sociais, por distintos motivos. A investigación no eido deportivo e educativo ten reforzado en numerosas ocasións as potencialidades que o xadrez ten como ferramenta de socialización e de aprendizaxe e desenvolvemento de capacidades.

O xadrez está incluído no sistema educativo en Galicia como materia de libre configuración autonómica elixible, segundo foi Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. Esta mesma orde se recolle a programación das materias (DOG, martes 21 de xullo de 2015).

Este avance deuse despois de moitas iniciativas colectivas promovidas dende o eido do xadrez, tanto a nivel dos colectivos deportivos (federacións a distintos niveis) como entidades privadas que promocionaron o xadrez a través de diversas fórmulas, durante moitos anos. Dende o plano institucional existiron diversas indicacións e acordos do Parlamento Europeo para impulsar a introdución do xadrez no ámbito educativo, e acadouse un acordo fundamental no Congreso dos Deputados de febreiro de 2015 para impulsar o proxecto de Ajedrez en la Escuela. De maneira paralela a Galicia tamén outras comunidades autónomas promoveron a súa inclusión dentro das programacións académicas na ensinanza obrigatoria.

Conforme a estes acordos e avances, é necesaria a formación na materia de xadrez ao profesorado de Galicia para poder ofertar, na medida do posible, a oportunidade de cursar a materia de xadrez aos/ás alumnos/as do sistema educativo. A pesares dun inicio moi voluntarioso, os avances nesta materia teñen sido mínimos nos últimos tempos, conqueríndose poucas melloras e enlentecendo a aplicación desta posibilidade nos centros de secundaria de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre os avances producidos de cara a conquistar unha maior implantación do xadrez como materia no ensino secundario de acordo coa Orde de 2015 que abría a súa implantación no sistema?
2. Que accións de formación ten desenvolvido a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para dotar dos recursos necesarios ao colectivo docente galego para a formación de alumnos na materia de xadrez?
3. Que obxectivos formula o Goberno de Galicia para os próximos anos na implantación do xadrez no sistema educativo de Galicia? Que accións ten previstas para a consecución destes fins?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 03/10/2018 14:03:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2018 14:03:27

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/10/2018 14:03:33

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/10/2018 14:03:40

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A gripe é unha enfermidade respiratoria, habitualmente de escasa gravidade, causada por virus.

Este virus transmítese por secrecións respiratorias, expulsadas polas persoas infectadas ao falar, tusir ou esbirrar, provocando febre, tose, cefalea, dores musculares ou articulares con astenia.

A vacina da gripe protexe á poboación, maior ou grupos de risco, diminuindo a incidencia de complicacións de gravidade, e polo tanto evitando ingresos hospitalarios e mortes secundarias á enfermidade.

Como en anos anteriores, coa chegada do outono poñerase en marcha a nova campaña de vacinación antigripal, dirixida fundamentalmente ás persoas maiores, pero tamén a nenos e adultos con enfermidades crónicas, embarazadas, persoas residentes en institucións pechadas, persoal sanitario ou de atención a maiores, ou persoas que exercen traballos esenciais para a comunidade.

Diante do inicio da campaña en datas próximas, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que novidades pode referirnos en relación coa campaña de vacinación contra a gripe, deste ano 2018?



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38079
Data envío: 03/10/2018 14:17:20.510

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/10/2018 14:13:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/10/2018 14:14:03

María Ángeles Garcia Míguez na data 03/10/2018 14:14:08

Marta Rodríguez Arias na data 03/10/2018 14:14:15

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/10/2018 14:14:23

María Soraya Salorio Porral na data 03/10/2018 14:14:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/10/2018 14:14:42

Raquel Arias Rodríguez na data 03/10/2018 14:14:49

Sandra Vázquez Dominguez na data 03/10/2018 14:14:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O pasado día 27 de setembro produciuse un incendio forestal no concello de Cervantes, concretamente na parroquia de Donís, nunha zona de moi difícil acceso e próxima ao Piorno.

Segundo datos da Consellería do Medio Rural, o incendio iniciouse o xoves ás 18:08 horas e quedou estabilizado o venres ás 16:30 horas, afectando soamente a monte raso.

Nas tarefas de extinción, segundo os primeiros e os últimos datos da Consellería, hai unha variación importante de efectivos, tanto de medios persoais coma mecánicos. así mesmo, nesta extinción tamén traballaron dúas brigadas municipais ás que a nota da consellería non fai referencia.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a superficie total afectada?

2ª) Cales foron os medios persoais e mecánicos utilizados para a estabilización do incendio, especificados por días?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/10/2018 17:32:06

Raúl Fernández Fernández na data 02/10/2018 17:32:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2018 17:32:23

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático. En outubro de 2011, a entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas falaba de facer efectivo un Plan director de mobilidade alternativa, que se comezaría a aplicar en 2012. Dese plan nada se volveu saber nin nada máis de mobilidade alternativa, iso si, o Goberno non para de presumir das súas vías verdes.

Nestes días, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis e Portas acordaban a creación da primeira vía verde ferroviaria que discurrirá por enteiro en territorio galego e que supón a recuperación da vía do tren entre Vilagarcía e Portas, que non se usa dende hai 9 anos. Na liña da súa aposta polas vías verdes, o Goberno galego (en concreto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) debería cumprir tamén a súa parte do compromiso, pois o proxecto técnico foi xa redactado pola “Fundación dos Ferrocarrís Españóis”, a Deputación Provincial de Pontevedra poñerá 200.000 euros, os tres concellos poñerán a súa parte e só falta que o compromiso da ex conselleira Beatriz Mato de asumir o 35 % do investimento sexa unha realidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego preocupación pola preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático? Para cando a Estratexia contra o cambio climático?
2. Ten o Goberno preocupación polas vías verdes de Galicia?
3. Ten o Goberno preocupación pola creación da primeira vía verde ferroviaria que discurrirá entre Vilagarcía de Arousa e Portas, na provincia de Pontevedra?

4. Vai cumprir o Goberno galego co compromiso da ex conselleira Beatriz Mato de asumir o 35 % do investimento desta vía verde? Se a resposta fose positiva, cando?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/10/2018 18:43:35

Julio Torrado Quintela na data 03/10/2018 18:43:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/10/2018 18:43:46

María Luisa Pierres López na data 03/10/2018 18:43:51

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Martínez Álvarez, María Luisa Pierres López e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, prevé no seu deseño como liñas básicas as seguintes:

1ª) Orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

2ª) Mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global.

3ª) Acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente.

4ª) Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados. Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a Comunidade Autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os

itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Tui - A Guarda Treito I: Tui (enlace A-55) - Tomiño (enlace PO-350) cunha lonxitude de 3,9 km, un orzamento de 41.664.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2013.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Tui - A Guarda Treito I: Tui (enlace A-55) - Tomiño (enlace PO-350) se refire, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en tódolos itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobrábel para transformalas en autovías cando o

tráfico así o demandase e de lograr que o 80% da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a VAP Costa Norte - Variante de Ortigueira e treito Celeiro - San Cibrao cunha lonxitude de 17,9 km, un orzamento de 97.940.000€ e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2013.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a VAP Costa Norte - Variante de Ortigueira e treito Celeiro - San Cibrao se refire, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada VAP Costa Norte - Variante de Ortigueira e treito Celeiro - San Cibrao?

2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2013?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 97.940.000€ ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación, se for o caso, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2018 12:43:27

María Luisa Pierres López na data 04/10/2018 12:43:34

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/10/2018 12:43:44

Patricia Otero Rodríguez na data 04/10/2018 12:43:58



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envío: 04/10/2018 13:16:12.980

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente arredor do Castro do Monte da Trindade ou Castro das Flores entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá, e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Após unha denuncia presentada por Mariña Patrimonio e Adegas, a Fiscalía de Medio Ambiente de Galiza investigará a presunta destrución dun xacemento arqueolóxico situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo.

O Castro do Monte da Trindade ou Castro das Flores tería sido destruído por mor da actividade extractiva mineira que se desenvolve nunha canteira situada na zona, malia que o xacemento está incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza, goza de protección no Concello de Lourenzá desde 1995 e ficaba excluído desde o ano 2000 da concesión mineira outorgada polo Goberno.

Por se os feitos denunciados non fosen o suficientemente graves, Adegas e Mariña Patrimonio aseguran –logo das pesquisas realizadas e da documentación recompilada– que a Xunta de Galiza podería ter amparado esa destrución a través do Servizo de Patrimonio da Consellaría de Cultura en Lugo.

E é que, en marzo de 2016, o arqueólogo de Patrimonio en Lugo emite un informe no que propón excluír do preinventario de Cultura o Castro das Flores



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envío: 04/10/2018 13:16:12.980

asegurando que logo dunha “prospección” realizada por el, non ve indicios de ningunha estrutura arqueolóxica nin restos que permitan caracterizar a existencia dun xacemento.

Cómpre lembrar que o arqueólogo municipal de Mondoñedo, Abel Vigo, documentou na súa tese doutoral dez anos antes (en 2006) que unha canteira “comera” case todo o terreo da zona norte do castro –segundo recolle o xornal *El País*; e en 2008 após unha denuncia presentada por un particular diante do Concello de Mondoñedo, o propio Vigo inspecciona a explotación e atopa restos arqueolóxicos como cerámica, ósos, metais e unha brosa votiva de bronce cun torques labrado no gume das que apenas existen media ducia de exemplares no noso país.

Ese ano (2008) o daquela alcalde do BNG no Concello de Mondoñedo, Orlando González, pon en coñecemento de Patrimonio a situación confirmando o arqueólogo da Xunta de Galiza que se trata dun espazo catalogado polas normas subsidiarias do PXOM de Lourenzá desde 1995 e que tamén está incluído no Catálogo da Consellaría de Cultura.

Desde o Bloque Nacionalista Galego perante toda a documentación aportada por Mariña Patrimonio e Adegas consideramos totalmente inadmisíbel que, con todos estes datos, o arqueólogo do Servizo de Patrimonio de Lugo redixa un informe no que di, literalmente, que considera: “hai elementos de xuízo suficientes para propor a exclusión de ambos os dous elementos do preinventario” e mesmo insta o Concello de Mondoñedo a excluír do Plan Xeral de Ordenación Municipal o xacemento do Monte da Trindade.

Desde 2017 Adegas e Mariña Patrimonio presentaron denuncias diante da Consellaría de Industria e de Cultura sen que ningunha delas fose atendida.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envío: 04/10/2018 13:16:12.980

Para o BNG todos os feitos denunciados son un exemplo máis do grao de desprotección que atinxe o patrimonio arqueolóxico en Galiza pois o Castro das Flores súmase ás numerosas denuncias que se veñen sucedendo arredor dos danos que a actividade industrial –nomeadamente mineira e madeireira, está a causar sobre bens patrimoniais de incalculábel valor, especialmente na provincia de Lugo.

Por todo o exposto con anterioridade fórmulanse as seguintes preguntas para reposta oral en comisión:

- Tiña coñecemento a Xunta de Galiza da actividade mineira que estaba a desenvolverse no Castro das Flores? E dos prexuízos que isto causaba ao xacemento?
- Sabía o Goberno galego que o Servizo de Patrimonio de Lugo estaba a propor a retirada do xacemento do preinventario e do PXOM do Concello de Mondoñedo?
- En que estado se atopa actualmente o castro?
- Se, como denuncian Adegas e Mariña Patrimonio, a actividade mineira supuxo a práctica destrución do xacemento, por que a Dirección Xeral de Patrimonio non protexeu debidamente este espazo catalogado?
- Por que non investigou a Xunta de Galiza as denuncias presentadas por Adegas e Mariña Patrimonio?
- Como valora o Goberno galego a súa actuación ao longo deste tempo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envío: 04/10/2018 13:16:12.980

- Que medidas ou actuacións ten adoptado ou prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 13:11:13

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 13:11:19

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 13:11:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 13:11:22



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 13:16
Nº Rexistro: 38175
Data envío: 04/10/2018 13:16:12.980

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 13:11:24

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 13:11:25

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O 29 de decembro de 2017 publicábase no DOG a Orde do 19 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da Tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nadas/vos en o ano 2018 e procédese á súa convocatoria.

Segundo se reflexa na propia orde, así coma na páxina web do PAN (Programa de Axuda á Natalidade) da Xunta de Galicia, a tarxeta benvida é unha axuda económica para as familias destinada a colaborar nos gastos derivados do nacemento, adopción ou garda con fins adoptivos dun neno/a. Poderán beneficiarse as persoas que teñan a súa residencia habitual en Galicia e que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018, ou aquelas familias que estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno/a nado nese período.

Tamén se poderán beneficiar da Tarxeta Benvida os galegos e galegas e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, residindo fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2018.

Para ter dereito a esta axuda, hai que cumprir os seguintes requisitos:

- A persoa solicitante ha de ter a súa residencia en Galicia.
- Non superar os 45.000 euros de renda da unidade familiar, sumadas a base imponible xeneral e a base imponible do aforro, ou os 13.500 euros de renda per cápita, na declaración do IRPF do último exercicio económico pechado. A contía da Tarxeta Benvida será de 1.200 euros, a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do neno ou nena. Para aquelas familias con renda igual ou inferior a 22.000 € a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que o neno ou nena cumpra tres anos nas seguintes contías: -600 €/ano, a razón de 50€/mes, se é o primeiro fillo/a.
- 1.200 €/ano, a razón de 100€/mes, se é o segundo fillo/a.
- 2.400 €/ano, a razón de 200€/mes, se é o terceiro/a ou sucesivos/ as.

En caso de adopción ou garda con fins adoptivos, o dereito á percepción da axuda producirase dende o mes en que se constitúan e ata que o neno ou nena cumpra un ano. O pago desta axuda efectuarase a través da Tarxeta Benvida, unha cartón moedeiro que se expedirá a nome da persoa solicitante.

Segundo se recolle na propia orde no artigo 10.2: *“A resolución destas axudas corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación do conselleiro de Política Social, no prazo de catro meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimada.”*

A pesares de quedar claro cal é o prazo establecido, a concesión destas axudas estase retrasando en moitos casos máis de seis meses, algo que dende o grupo socialista consideramos inaceptable polo importante esforzo económico que supón para as familias a chegada dun meniño ou meniña, e aínda máis se temos en conta que os e as destinatarios son persoas con baixos ingresos. Esta situación está ademais xerando desconcerto e preocupación nas familias, xa que os e as solicitantes chegan a pensar que este silencio administrativo da Xunta de Galicia, responde a denegación da tarxeta benvida.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que se deben os atrasos na concesión da Tarxeta Benvida, por parte da Xunta de Galicia, que se veñen detectando durante este ano?
2. Vai tomar o Goberno galego algunha medida para axilizar a concesión desta axuda?
3. En caso afirmativo, en que van consistir ditas medidas?
4. Considera a Xunta de Galicia que os catro meses de prazo legal que contempla a orde que regula estas axudas para a concesión da Tarxeta Benvida dende que se rexistra a solicitude, é un prazo razoable?
5. Ten previsto o Goberno galego establecer nas ordes dos vindeiros anos un prazo menor?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38187
Data envío: 04/10/2018 14:16:40.207

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/10/2018 14:06:37

Julio Torrado Quintela na data 04/10/2018 14:06:43

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo Grupo Toysal para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás. As conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará “diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos” e que é imposible establecer un plan de restauración detallado.

Os veciños están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada “Casalonga limpa de Residuos”, polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións. A Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños e veciñas teñen o apoio do seu Concello que acordou, por unanimidade, o rexeitamento deste tipo de instalacións en solo rústico e, hai escasamente unha semana, emitiu un informe denegando a compatibilidade urbanística do proxecto.

O problema está en que isto non ocorre só no Concello de Teo, tamén está a pasar noutros lugares de Galicia onde se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais. O Grupo Parlamentario Socialista entende que cómpre mudar esta realidade, modificando a Lei do Solo de Galicia de 2016 e o propio Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego dos problemas que existen cando se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais?
2. Vai modificar o Goberno o apartado 9.1.3.A (Criterios de Emprazamento, Xerais) Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, coa fin de que isto non sega a ocorrer?

Pazo do Parlamento, 3 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2018 14:39:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/10/2018 14:40:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2018 14:40:33

María Luisa Pierres López na data 04/10/2018 14:40:40

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Parlamento galego por acordo da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 3 de outubro de 2017 aprobou por unanimidade e sen modificacións a seguinte proposición non de lei:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un documento guía que sirva de base e ferramenta para todos os técnicos e técnicas involucradas nos procesos de creación de novos ámbitos urbanos ou rexeneración dos existentes, co fin de impulsar a obriga de integrar a perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico, desde o deseño, a participación, a planificación e a execución, ata a avaliación e o seguimento."

Transcorrido exactamente un ano desde a súa aprobación, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o estado de tramitación do documento-guía que permitirá ás técnicas e técnicos a introdución da perspectiva de xénero en todas as fases do proceso urbanístico?
2. Que ten motivado que non se conquese a súa publicación tras un ano da súa aprobación por unanimidade na Comisión 2.^a do Parlamento galego?
3. En que data está prevista a publicación deste documento-guía?

Pazo do Parlamento, 4 de outubro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 04/10/2018 16:59:11

María Dolores Toja Suárez na data 04/10/2018 16:59:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/10/2018 16:59:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/10/2018 16:59:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 38235
Data envío: 04/10/2018 17:06:17.612

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

O Ministro de Fomento fixo o día 3 de outubro unha visita a Galiza e fixo declaracións públicas que crean alarma e preocupación. Resumindo o contido das súas manifestacións podemos concluír que veu de novo co clásico repertorio de anuncios, estudos e promesas incumpridas.

O que demostra o acontecido onte é que existe un pacto tácito entre o PSOE e o PP para vetar a transferencia da AP 9, o rescate da concesión. E para adiar indefinidamente proxectos e obras que foron repetidamente adiadas. Obras de infraestruturas viarias estratéxicas para o país tanto en materia ferroviaria, como no relacionado coas estradas e autovías ou portos de interese xeral.

Nas declaracións públicas no Ministro escoitamos os mesmos argumentos en contra do traspaso da autoestrada que veñen os sucesivos gobernos do PSOE e do PP ao longo dos últimos 15 anos. O único anuncio concreto da reunión co sr. Feixóo foi o da convocatoria dunha xuntanza da comisión bilateral de seguimento da AP 9, unha comisión cualificada como cortina de fume para desviar a atención sobre as cuestións verdadeiramente relevantes: negociación da transferencia da AP9, rescate da concesión e remate dos abusos da concesionaria.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 38235
Data envío: 04/10/2018 17:06:17.612

Diante deste novo desprezo a Galiza, resulta rechamante a postura condescendente do presidente da Xunta, que semella que foi seducido polo sr. Ábalos como pasou anteriormente con De la Serna e Xosé Blanco. Semella que estamos no camiño de reeditar o Pacto do Obradoiro, que xa sabemos a onde levou.

Tamén chama a atención o cambio de actitude do PSdG, que aplaude agora o que antes denunciaba. E no cambio de papeis entre PP e PSOE, esquece a reivindicación do investimento dos máis de 2.500 millóns non investidos por Fomento nos últimos 5 anos.

Fronte a esta actitude contemplativa e mansa do goberno galego, do seu presidente e do PSdG, entendemos que o Parlamento galego debe defender unha actitude firme de defensa dos intereses galegos e reclamar unha axenda galega de investimentos en materia de infraestruturas que permita dinamizar a economía e saldar a débeda que o estado ten con Galiza nesta materia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Como valora o goberno galego a posición do goberno central e do ministro de Fomento en relación coa AP9?

2. Que demandas trasladou a Xunta de Galiza ao goberno do estado en relación coa AP 9 e coas infraestruturas viarias, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias?

3. Cal é a valoración do goberno galego sobre os anuncios realizados polo ministro de Fomento na súa visita a Galiza do 3 de outubro?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 38235
Data envío: 04/10/2018 17:06:17.612

4. Que demandas trasladou a Xunta de Galiza ao goberno central sobre o traspaso de competencias en relación coa AP 9, portos de interese xeral, ferrocarril de cercanías, aeroportos, e tráfico e seguridade viaria?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 17:04:41

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 17:04:46

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 17:04:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 17:04:49



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 17:06
Nº Rexistro: 38235
Data envío: 04/10/2018 17:06:17.612

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 17:04:51

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 17:04:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:27
Nº Rexistro: 38247
Data envío: 04/10/2018 18:27:24.443

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa as actuacións a realizar diante da presentación do precurso de acreedores por parte do hospital privado que mantén un concerto co Sergas POVISA.

Vimos de coñecer polos medios de comunicación que a dirección do Hospital privado POVISA ven de presentar precurso de acreedores alegando perdas económicas segundo xustifican ocasionadas polo último Concerto asinado co SERGAS en 2014.

O grupo POVISA conseguiu condicionar o desenvolvemento previsto de 1.470 camas para o Hospital Alvaro Cunqueiro, que recortáronse nas 400 do Concerto Singular. Este recorte permitiulle manter o Concerto, o máis caro do Estado español e alcanzar unha posición dominante nas negociacións coa Xunta.

Pola actuación realizada polo Partido Popular na Xunta de Galiza a área sanitaria de Vigo mantén unha nefasta dependencia dun grupo empresarial privado que busca o seu beneficio económico e que é capaz de condicionar o desenvolvemento do Hospital Alvaro Cunqueiro, incrementar o gasto sanitario, e chantaxear á poboación e aos seus traballadores con un peche que deixaría a 1.400 traballadores na rúa a poboación sen as 400 camas necesarias para atender a 139.000 persoas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:27
Nº Rexistro: 38247
Data envío: 04/10/2018 18:27:24.443

A situación de POVISA é responsabilidade da Xunta e do Partido popular que apostou por condicionar área sanitaria en Vigo para seguir mantendo un concerto multimillonario con POVISA. Unha empresa que chantaxea a Galiza utilizando como reféns aos doentes e @s traballadores/as. Este grupo empresarial duplicou en 2017 os seus beneficios e o dono de POVISA é un dos máis ricos do Estado español.

Polo exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai realizar o Goberno galego unha auditoría das contas e da xestión realizadas por POVISA no relativo ao concerto asinado co Sergas?

-Que actuacións está realizando para solucionar a situación creada por POVISA ao presentar o precurso de acreedores?

-Desde cando é coñecedor o Sergas da situación que levou a POVISA a presentar precurso de acreedores?

-Que actuación ten realizado para resolver a situación?

-Que alternativas ten o Sergas en caso de que renuncia ao concerto asinado?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2018 18:27
Nº Rexistro: 38247
Data envío: 04/10/2018 18:27:24.443

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/10/2018 18:26:52

Ana Pontón Mondelo na data 04/10/2018 18:26:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/10/2018 18:26:57

Olalla Rodil Fernández na data 04/10/2018 18:26:58

Noa Presas Bergantiños na data 04/10/2018 18:27:00

Xosé Luis Bará Torres na data 04/10/2018 18:27:01

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado 8 de marzo celebrouse no noso país unha folga convocada polas organizacións sindicais, ben de paros parciais ou ben de 24 horas, que tivo como principal demanda alcanzar a igualdade real das mulleres no ámbito laboral. En concreto o sindicato CUT foi o único que a nivel Galicia convocou a folga xeral de 24 horas (de 00,00 a 24.00 horas do día 8 de marzo).

O 7 de marzo publicouse no DOG o Decreto 26/2018 do 1 de marzo polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2018, incluíndose dentro desa regulación de servizos mínimos a relativa á Corporación de Radio e Televisión de Galicia. A CRTVG remitiu á Xunta de Galicia a relación de servizos mínimos, coa relación nominal dos traballadores, que incluían tanto homes como mulleres, para a realización dos devanditos servizos. Na devandita relación non se consideraba como servizo mínimo esencial o programa Galicia Noticias Mediodía, nin se incluía á presentadora do mesmo. A pesares do cal o día da folga mantívose a emisión do programa, e substituíuse á súa presentadora habitual.

Por estes feitos, o sindicato CUT presentou o 9 de marzo de 2018 demanda de tutela de dereitos fundamentais e indemnización de danos e prexuízos contra a CRTVG na que solicitaba a declaración de vulneración do dereito á folga da CUT, ao ter minorizado deliberadamente a empresa o efecto da folga mediante a esquirolaxe interna ou substitución de traballadora.

Nunha sentenza ditada polo TSXG este 26 de abril, o Tribunal acredita que, existiu unha “vulneración do dereito á folga da CUT como central convocante da folga xeral de 24 horas en Galicia, ao ter minorizado a empresa o efecto da folga mediante a substitución dunha traballadora folguista”. Declara ademais “nula a decisión empresarial de substituír á traballadora e manter a emisión do programa Galicia Noticias Mediodía”. Condena á CRTVG a abonar ao sindicato unha indemnización de danos e prexuízos por importe de 15.625,50 euros). Contra a resolución ambas partes poderán interpoñer Recurso de Casación ante o Tribunal Supremo.

Os sindicatos CIG e CC.OO formularan tamén cadanseus recursos aos servizos mínimos fixados pola Xunta de Galicia para o 8 de marzo. Recentemente coñeciamos a sentenza ditada o pasado 19 de setembro pola sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG. A sentenza confirma que se transgrediu o dereito á folga na Presidencia da Xunta de Galicia, o Centro de Emerxencias do 112, o Parque das Illas Atlánticas e a CRTVG.

A respecto da CRTVG, segundo informou o xornal dixital Praza Pública, conclúe que "non resulta admisible" que "nun día de folga" que "no seu conxunto abrangue as 24 horas"(CIG e CC.OO. convocaron paros parciais pero outros sindicatos como a CUT, folga xeral toda a xornada, lembra o ditame), a Administración "pretenda emitir os programas informativos de forma íntegra no seu horario habitual". A Sala coida que "por tras dos servizos mínimos" fixados para a Televisión de Galicia e a Radio Galega "agochábase a vontade de privar de repercusión apreciable á folga" e facéndoo "empregando uns medios de comunicación" que non poden ser considerados como "servizos esenciais".

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da sentenza do TSXG do 19 de setembro, que condena a compañía por vulneración do dereito á folga?
2. Considera a CRTVG que as accións que desenvolveu o 8 de marzo e os días previos, respectaron o dereito á folga dos e das traballadoras da compañía?
3. Unha vez coñecida esta sentenza, ten previsto a CRTVG pedir desculpas publicamente?
4. Que medidas vai poñer en marcha para garantir que nas vindeiras folgas se respecte o dereito á folga dos traballadores e traballadoras da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 01/10/2018 12:52:42

Julio Torrado Quintela na data 01/10/2018 12:52:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 13:56
Nº Rexistro: 37924
Data envío: 02/10/2018 13:56:31.792

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**, sobre a porcentaxe de produción propia na programación da TVG e o grao de cumprimento do disposto na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

A Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza dispón no Capítulo II, principios de produción e programación, artigo 34 que “a Corporación RTVG impulsará a produción propia da súa programación, de forma que esta abranga a maioría dos programas difundidos nas canles xeralistas, atendendo aos recursos materiais e humano dos que dispoña”.

Así mesmo, o artigo 31 do Mandato marco vai alén e fixa “como mínimo, o obxectivo do 50% de produción propia interna no ámbito da televisión”.

No marco das mobilizacións que mantén desde hai meses o cadro de persoal da CRTVG nos coñecidos ‘Venres negro’, veñen denunciando a merma da produción propia interna na televisión pública e a incorporación á grella de programación de cada vez máis contidos realizados externamente.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 13:56
Nº Rexistro: 37924
Data envío: 02/10/2018 13:56:31.792

Por estes motivos formúlanse as seguintes pregunta para a súa resposta oral na Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG:

- Cantos programas da televisión pública son de produción propia e cantos externa?
- Que porcentaxe representa este reparto no conxunto da programación?
- Cre a Dirección Xeral da CRTVG que está a cumprir co impulso á produción propia tal e como recollen a Lei 9/2011 e o Mandato marco?

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Como valora a dirección da CRTVG a mobilización do cadro de persoal e as súas denuncias?
- Pensa a dirección da CRTVG abrir un proceso de diálogo co cadro de persoal da Corporación para atender as súas demandas despois de máis dunha ducia de ‘Venres negros’ e da manifestación que tivo lugar en Compostela?
- Cando vai crear a CRTVG o Estatuto profesional e o Consello de informativos previsto na Lei 9/2011 e que reclaman as/os profesionais?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 13:56
Nº Rexistro: 37924
Data envío: 02/10/2018 13:56:31.792

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2018 13:55:08

María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2018 13:55:15

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2018 13:55:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2018 13:55:18

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2018 13:55:19

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2018 13:55:20

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O xoves, 30 de novembro de 2017, a TVG publicaba a seguinte nova que se transcribe literalmente da páxina web da propia televisión:

“En Lalín, o tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Sociais foi detido como o suposto autor dos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral. A investigación parte da denuncia presentada o mes pasado por un traballador do concello. Tras declarar ante a Garda Civil, o edil manifestou que é totalmente inocente e que colaborará coa xustiza se o caso chega aos tribunais.”

Esta información segue a estar presente na web da CRTVG a día de hoxe.

Tal e como era coñecido xa entón, esta información era falsa. Non foi detido, e a información “obviou” que a declaración foi voluntaria ante unha citación. En tal ocasión, a Dirección da CRTVG defendeu os criterios utilizados na emisión dos contidos, e non rectificou a súa postura a pesares de evidenciarse falsa. As denuncias de parcialidade no trato respecto de noticias que apuntan a responsables políticos do PP e doutros partidos, neste sinalado caso do PSdeG, foron claras pero foron negadas por parte desta mesma Dirección.

En recentes datas, o edil lalinense foi exculpado das acusacións e o caso foi arquivado. Evidenciáronse, unha vez máis, que as informacións vertidas pola CRTVG foron falsas, e estendéronse máis alá das emitidas por outros medios que en todo momento sinalaron a precisa situación xudicial de González Casares e que recolleron a noticia do arquivo da causa. Por poñer algúns exemplos:

- El juez exculpa a Casares de la denuncia por acoso laboral y falsificación. Diario de Pontevedra, 15 de setembro de 2018.
- El juzgado de Lalín archiva las denuncias contra González Casares. La Voz de Galicia. 15 de setembro de 2018.

- Archivada la causa contra el teniente alcalde de Lalín por supuesta falsificación de documentos y acoso laboral. Europa Press, 14 de setembro de 2018.
- Archivan la denuncia contra Casares por acoso y falsificación de documentos. Faro de Vigo, 14 de setembro de 2018.

Nada se atopa nas informacións emitidas ou redactadas en todo o eido da CRTVG.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Por que existe unha tan grande diferenza de trato das novas referidas a este caso dende a CRTVG respecto doutros medios que informaron dela?
2. Por que a CRTVG renunciou a emitir ou difundir calquera información referida ao arquivo dunha denuncia tras ter sido tan relevante o proceso xudicial que se deu anteriormente como froito dela?
3. Como pode explicarse a emisión e mantemento dunha nova evidenciada como falsa?
4. Que criterios deontolóxicos sosteñen o referido ao tratamento deste caso por parte da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/10/2018 17:01:43

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 17:01:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 37980
Data envío: 02/10/2018 17:09:24.525

Noela Blanco Rodríguez na data 02/10/2018 17:01:53

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727